

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 14 DE ABRIL DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural o Pazo de Lourizán, situado no termo municipal de Pontevedra (Pontevedra).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, a Fundación Catedral de Santiago e a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela para o apoio e reforzo da seguridade no complexo catedralicio, por importe total dun millón oitenta e un mil douscentos sesenta e sete euros con cincuenta e oito céntimos (1.081.267,58€) e polo que se autorizan os pagamentos á conta por importe superior ao previsto na normativa de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela para a mellora da atención aos peregrinos e visitantes, por importe total de trescentos mil cincocentos trinta e catro euros con oitenta e cinco céntimos (300.534,85€).
- Acordo polo que se aproba definitivamente o Proxecto de interese autonómico Factoría do Deporte Galego – Galicia Sports 360, no Concello de Mos.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADE E FP

- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual derivado do proxecto de orde pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2025/26, por importe total de dezasete millóns seiscentos mil euros (17.600.000,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia para o financiamento de servizos especializados dirixidos a persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva residentes na Comunidade Autónoma de Galicia e do mantemento da federación e das súas entidades federadas para o exercicio 2025. Importe: novecientos nove mil oitocentos vinte e seis euros (909.826,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación de Paraplégicos y Grandes Minusválidos de Galicia (ASPAYM), para o financiamento do programa de atención dirixido ao colectivo de lesionados medulares e/ou grandes discapacitados residentes en Galicia e ás súas familias e o mantemento da entidade para o exercicio 2025. Importe: cincuenta e cinco mil cento corenta e dous euros (55.142,00€).
- Acordo polo que se autoriza establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á prevista na normativa de subvencións de Galicia, no Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas, para o financiamento dun programa de intervención social destinado a mellorar a calidade de vida das persoas afectadas de enfermidades raras e/ou crónicas e das súas familias e do mantemento da federación para o exercicio 2025. Importe: trinta e tres mil trescentos dez euros (33.310,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación de Solidaridad Amaranta, para o mantemento dun recurso de acollida en Ourense para mulleres que sofren violencia de xénero no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Importe: douscentos cincuenta e dous mil euros (252.000,00€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón da adxudicación por parte de Xestión do Solo de Galicia – Xestur, S.A. do contrato de servizo do proxecto de desenvolvemento e urbanización e do proxecto de parcelamento do plan estruturante de ordenación de solo empresarial de Bértoa, fase 2, sectores A e B, Carballo (A Coruña).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autorizan os criterios de repartición e convocatoria do fondo de acción social para o exercicio económico do ano 2024 relativos á axuda para a atención de persoas con discapacidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación do Servizo de Administración de Sistemas dos CPD da Xunta de Galicia por un orzamento de licitación (IVE incluído) de sete millóns cento setenta e tres mil trescentos sesenta e catro euros (7.173.364,00€) e un valor estimado de catorce millóns douscentos vinte e seis mil setecentos sesenta euros (14.226.760,00€).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado "Senda peonil na AC-433 (Laxe). Segunda fase" cun orzamento de novecientos mil seis centos noventa e dous euros e noventa e tres céntimos (900.692,93 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello do Pereiro de Aguiar para proceder a iluminación das sendas peonís nas estradas autonómicas OU-536 e OU-537, por importe total de douscentos cincuenta e oito mil cincocentos setenta e catro euros con trinta e cinco céntimos (258.574,35 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de cooperación entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Mondoñedo para a execución das obras de *Mellora da accesibilidade da rúa Rocha de Vélez*, por un importe de trescentos catorce mil seiscentos sesenta euros con setenta e cinco céntimos (314.660,75 €).
- Acordo polo que se toma razón da licitación por Sociedade de Vivenda Publica de Galicia, S.A. do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción de 26 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos na parcela MIIIB14 do Plan parcial de San Paio de Navia, Vigo (Pontevedra) por un importe de licitación de dous centos cincuenta e dous mil cento vinte e dous euros con trinta e seis céntimos (252.122,36 €).
- Acordo polo que se toma razón da convocatoria do Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea - Next GenerationEU, para o ano 2025, con carácter plurianual, cun importe total de dous millóns cento noventa e oito mil trescentos trinta e nove euros (2.198.339 €).
- Acordo polo que se toma razón da Resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ás comunidades de propietarios/as para a reparación, a rehabilitación e/ou a adaptación dos edificios de vivendas protexidas promovidos polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, e se convocan para o ano 2025 cun importe total dun millón de euros (1.000.000 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se toma razón da tramitación dos expedientes de aceptación de solo cedido polos concellos da Estrada, Lalín e Teo, á Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, S.A. para a construción de 71 vivendas de promoción pública (VPP).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación para a subministración sucesiva dos materiais necesarios para a realización de determinacións de Bioquímica e Inmunoquímica para os Laboratorios da Área Sanitaria da Coruña e Cee, por un importe total de nove millóns douscentos vinte e catro mil seiscientos trinta euros con vinte e nove céntimos (9.224.630,29 €) IVE engadido, e un valor estimado de dezaseis millóns setecentos setenta e dous mil cincuenta e cinco euros con oito céntimos, sen IVE (16.772.055,08 €).
- Acordo polo que se autoriza a contratación polo procedemento aberto, dos servizos de xestión de proxecto e desenvolvemento necesarios para o mantemento e evolución do sistema denominado SIHGA (Sistema de información hospitalario de Galicia) e outras aplicacións do ámbito clínico e de xestión, por un importe total de licitación dun millón catrocentos vinte e sete mil novecientos sesenta e nove euros con corenta céntimos, con IVE (1.427.969,40€) e un valor estimado de seis millóns cento trinta e seis mil setecentos vinte e oito euros, sen IVE (6.136.728,00€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se crea e cualifica como museo a Domus do Mitreo.
- Acordo polo que se autoriza a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención derivado do Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas ao programa de mobilidade transnacional xuvenil, dirixido ás persoas mozas máis desfavorecidas inscritas e beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciado pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (programa Galicia Moza con Alma), por importe de seiscientos mil euros (600.000,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) á realización de pagamentos á conta e pagamentos anticipados en porcentaxe superior á establecida no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e á exención da obriga de constituír garantía nos pagamentos á conta cando o importe conxunto de pagamentos á conta e de pagamentos anticipados sexa superior aos 18.000 €, nas axudas tramitadas ao abeiro do Acordo do Consello de Agader polo que se aproban as bases reguladoras das axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas que se tramiten ao abeiro da intervención Leader, cofinanciadas co Feader no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC), e se anuncia a convocatoria para o ano 2025, por importe máximo de doce millóns seiscentos corenta e un mil catrocentos vinte e tres euros con trinta e seis céntimos (12.641.423,36 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dos convenios entre a Consellería do Medio Rural e diversas entidades locais de Galicia para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais, para as anualidades 2025 e 2026, por un importe total de vinte e sete millóns trescentos cincuenta e tres mil seiscentos trinta e oito euros (27.353.638,00 €), cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural no marco do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027.

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se toma razón da implantación do novo programa de modernización tecnolóxica da comercialización e xestión nas lonxas e confrarías de pescadores de Galicia (Lonxas galegas 4.0)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Ministerio de Defensa para que os aspirantes dos cursos de mergullo organizados pola consellería poidan realizar as probas de compresión e tolerancia de oxíxeno na cámara hiperbárica da UBUFER da Armada, sita na Estación Naval da Graña- (Ferrol) para o caso de que a cámara hiperbárica de que dispón o IGAFA se atope avariada, non dispoñible, non se atope operativa ou exista calquera outra causa que o faga necesario, cunha dotación plurianual de catro mil oitocentos setenta e seis euros con oitenta céntimos (4.876,80€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe relativo á Resolución de concesión para o ano 2025 das axudas destinadas á execución de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo vinculado ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre o desenvolvemento da ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADE E FP

- Informe sobre o proceso de homologación de títulos estranxeiros non universitarios anos 2022-2025.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Informe sobre o Proxecto educativo "O machismo é violencia".

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a Orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT) e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA A DECLARACIÓN DE BEN DE INTERESE CULTURAL DO PAZO DE LOURIZÁN POLO SEU VALOR ARQUITECTÓNICO, HISTÓRICO E PAISAXÍSTICO

- Rueda lembra que o Executivo autonómico está a investir 17,3 M€ na súa restauración “para abril ao conxunto da cidadanía”
- O Consello dá o visto e prace ao decreto na categoría de monumento que abrangue o edificio principal, o arboredo histórico, os xardíns e os elementos auxiliares
- Obtivéronse os informes favorables do Consello da Cultura Galega, a Real Academia de Belas Artes do Rosario e a Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña
- O presidente resalta que, con este, son 785 os Bens de Interese Cultural declarados na comunidade

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello aprobou esta mañá o decreto polo que se declara Ben de Interese Cultural (BIC), na categoría de monumento, o Pazo de Lourizán, situado no concello de Pontevedra. Trátase dun emblema do patrimonio cultural de Galicia e que “destaca polo súa singularidade arquitectónica, histórica, paisaxística e técnica”, indicou.

A declaración chega tras os informes favorables emitidos pola Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, a Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña e o Consello da Cultura Galega, despois de que a consellería de Cultura, Lingua e Xuventude iniciase este procedemento en maio de 2023 para poñer en valor o seu papel declarado como exemplo de arquitectura civil de estilo ecléctico.

Tal e como explicou o presidente, a protección abrangue un amplo conxunto patrimonial de grande singularidade, que inclúe “o edificio principal —construído a comezos do século XX baixo o deseño de Jenaro de la Fuente Domínguez— así como as instalacións auxiliares”, fontes, muíño, invernadoiro, estanques e o arboredo histórico, considerado un dos máis destacados de Europa. O decreto subliña o seu valor arquitectónico e artístico como “exemplo do estilo ecléctico” influído polo estilo do Segundo Imperio Francés, pero tamén o seu valor etnolóxico, histórico e científico, en canto a que é espazo vinculado á historia institucional galega e á “formación e innovación no eido forestal”.

Este recoñecemento pon en valor a evolución histórica do conxunto, desde o seu uso orixinal como granxa agrícola ata converterse nunha quinta señorial de recreo con carácter representativo e institucional, manténdose hoxe como un referente de cultura e natureza únicos da cidade de Pontevedra e da paisaxe galega. Ademais, tamén pon en a súa vinculación con Montero Ríos como personalidade política da transición ao século XX, as diferentes mencións na documentación e literatura ao Pazo, así como o feito de que os seus xardíns como lugares en que puideron acontecer momentos e decisións políticas relevantes.

Amplo conxunto

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O expediente inclúe o mapa de delimitación do ben e a súa contorna de protección, que recolle a totalidade do predio e dos elementos arquitectónicos, naturais e paisaxísticos que conforman o Pazo de Lourizán. A delimitación responde á morfoloxía do terreo e á integración visual e funcional dos espazos protexidos, incluíndo accesos, camiños, zonas axardinadas e edificacións vinculadas ao uso orixinal e actual do conxunto.

O decreto establece para o Pazo un nivel de protección integral, o cal garante a conservación de todos os elementos e impón a obriga de obter autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para calquera intervención. Esta figura de protección permitirá preservar a súa identidade histórica e cultural, e orientar os futuros usos segundo os criterios establecidos pola Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia.

Rueda lembrou que a Xunta está a investir "máis de 17,3 M€ na restauración e rehabilitación" do Pazo de Lourizán para abrir o complexo "ao conxunto da cidadanía". Unhas obras que arrancarán ao longo deste ano coa previsión de que estean rematadas a finais de 2026 e 2027.

Con esta nova declaración, Galicia suma xa 785 bens de interese cultural, dos cales 112 foron declarados desde a entrada en vigor da Lei de 2016, consolidando o compromiso da Xunta coa protección do patrimonio cultural galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 1,38M€ A REFORZAR A SEGURIDADE DO COMPLEXO CATEDRALICIO DE SANTIAGO E A MELLORAR A RECEPCIÓN DO PEREGRINO Á SÚA CHEGADA A COMPOSTELA

O Consello dá o visto e prace aos convenios de colaboración coa Fundación Catedral de Santiago e a S.A.M.I. Catedral de Santiago, que abranguen tanto a propia Catedral como o Centro de acollida aos peregrinos

O Consello da Xunta autorizou hoxe dous convenios de colaboración para mellorar a atención na oficina dos peregrinos e a seguridade no complexo catedralicio de Santiago de Compostela, que inclúe tamén o propio templo. Estas colaboracións supoñen a continuidade de iniciativas pasadas, asinadas entre Turismo de Galicia e os organismos competentes en cada centro, e teñen un valor total de 1,38M€.

En concreto, un dos convenios asinarase coa a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela e centrarase no reforzo dos servizos de atención e información aos peregrinos e visitantes que chegan a Santiago de Compostela. Para isto, destínanse 300.534,85€, que se empregarán na mellora do material e persoal do Centro internacional de acollida -situado na rúa Carretas- e para a colaboración nos gastos de funcionamento para optimizar así a atención e información dada aos peregrinos.

As axudas para o funcionamento da Oficina do Peregrino da Xunta de Galicia veñen concedéndose de forma anual desde 2014. Ata a data investíronse máis de 2,74M€. Estas achegas encádranse nas medidas propostas no Plan Director dos Camiños de Santiago 2027.

A este engádense o convenio asinado entre Turismo de Galicia, a Fundación Catedral de Santiago e a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela. Baixo este acordo, destinaranse 1.081.267,58€ para o apoio e reforzo do persoal de seguridade en todo o Complexo Catedralicio, o que inclúe dita oficina de atención ao peregrino máis o propio templo. En concreto, a Fundación será a encargada dos traballos de seguridade na Catedral, mentres que a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela levará a parte do Centro de peregrinos.

Esta última instalación, situada no antigo asilo da rúa de Carretas, rehabilitouse en 2017 para as súas actuais funcións mediante un convenio de colaboración entre o Arcebispado de Santiago e a Xunta de Galicia. Aquí, os peregrinos poden poñer o selo final ás credenciais e recoller o certificado da peregrinación, a coñecida como Compostela.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA COMO PROXECTO DE INTERESE AUTONÓMICO A FACTORÍA DO DEPORTE GALEGO-GALICIA SPORTS 360

- Rueda salienta que o proxecto que o Real Club Celta de Vigo está desenvolvendo en Mos “transcende o ámbito municipal” pola súa repercusión económica, social e cultural
- O obxectivo é consolidar Galicia coma “referente internacional da formación, a investigación e a industria do deporte”
- Este complexo contará con tres infraestruturas relevantes: a Cidade Deportiva Afouteza, o Centro Integral para a Capacitación da Industria do Deporte e a área de servizos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou de que o Consello “aprobou declarar proxecto de interese autonómico á Factoría do Deporte Galego-Galicia Sports 360 que Real Club Celta de Vigo está desenvolvendo no concello de Mos”. Unha decisión que se toma porque “é unha iniciativa que transcende o ámbito municipal” pola súa repercusión económica, social e cultural.

Esta declaración é un procedemento regulado na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de Ordenación do Territorio de Galicia. Cómpre lembrar que en decembro de 2023 se recibiu o informe ambiental estratéxico (IAE) da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, no que se conclúe non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria o proxecto, ao considerar que non se producirán efectos significativos no ambiente.

O título I da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia indica que os proxectos de interese autonómico, que se configuran como instrumentos de intervención directa na ordenación da comunidade, que teñen por obxecto planificar e proxectar a execución inmediata de actuacións que transcenden o ámbito municipal pola súa incidencia territorial, económica, social ou cultural, a súa magnitude ou as súas singulares características que as fagan portadoras dun interese supramunicipal cualificado, que non teñan previsión nin acomodo no planeamento urbanístico. Neste caso, seguíronse todos os trámites fixados nesta norma para a aprobación do proxecto de interese autonómico da Factoría do Deporte Galego-Galicia Sports 360.

A declaración permitirá “axilizar os trámites e a execución das actuacións que sexan necesarias”, indicou Rueda, quen explicou que este proxecto busca converter Galicia “nun referente internacional da formación, investigación e industria do deporte” e que se trata dun eido “que está a vivir un dos seus mellores momentos e que é un dos embaixadores da marca Galicia”.

O futuro complexo deportivo contará con tres agrupacións de infraestruturas: a Cidade Deportiva Afouteza, o Centro Integral para a Capacitación da Industria do

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deporte e a área de servizos. Deste xeito, tanto polo ámbito deportivo competitivo como pola súa vertente económica e de desenvolvemento, este proxecto que transcende o ámbito municipal, defende a idea do deporte como unha actividade de interese público que coadrua ao crecemento e á cohesión social, á igualdade de xénero, a mellorar o benestar da cidadanía, fortalecendo o carácter transversal do sistema deportivo galego.

Tres infraestruturas relevantes

A Cidade Deportiva Afouteza consiste nun conxunto integrado de edificacións e instalacións ao servizo do deporte coa finalidade de dotalo da infraestrutura necesaria tanto para as esixencias “da preparación de alto rendemento” e seguimento dos deportistas das categorías de fútbol profesional do club como para a promoción, fomento e “formación das novas xeracións de deportistas”.

Paralelamente, o proxecto conta tamén cunha importante presenza das vertentes educativa, de innovación e de desenvolvemento do sistema deportivo, e principalmente centrados no Centro Integral para a Capacitación da Industria do Deporte que será un centro dinamizador e modernizador do seu tecido empresarial que sexa un referente non só na Comunidade autónoma ou no noroeste peninsular, senón no ámbito nacional e internacional, e un investimento estratéxico para o seu futuro. Rueda explicou que contará “cun centro de formación, un centro de alto rendemento médico orientado á rehabilitación deportiva”, un centro demostrador da tecnoloxía para presentar produtos e “un centro tecnolóxico de innovación” do deporte con espazo para startups e lugares de reunión e traballo, así como un centro de eventos e conferencias cun auditorio con capacidade para 500 persoas.

O proxecto complétase coa Área de Servizos, destinado a complementar a oferta de actividades e servizos deportivos con instalacións cubertas para a práctica de distintas actividades deportivas complementarias ás da Cidade Deportiva Afouteza para o ocio e actividades comerciais e profesionais relacionadas co deporte e a saúde.

En definitiva, o proxecto de interese autonómico converterá a Factoría do Deporte Galego – Galicia Sports 360 nunha iniciativa cun interese supramunicipal cualificado que vai máis aló do ámbito deportivo. Conta coa capacidade para ser un complexo necesario que fortaleza a industria do deporte en Galicia e promova o seu desenvolvemento. A modernización do tecido empresarial galego posibilitará que o proxecto sexa un referente a nivel nacional e internacional, así como unha inversión estratéxica para o futuro. Preténdese así, a creación dunha sede dun nodo de tecnoloxía do deporte a semellanza doutros xa implantados en Europa, do que actualmente carece Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE A UNHA NOVA CONVOCATORIA DE 17,6 M€ PARA COMPRA DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR DA QUE SE BENEFICIARÁ O 70% DO ALUMNADO

- Inxectaranse 1,6M€ adicionais no fondo solidario de libros, no que desde a entrada en vigor da nova lei educativa estatal se compraron máis de 400.000 manuais cun investimento de preto de 27 M€ para repartir gratuitamente aos estudantes
- Distribuiranse vales de 60€ e 75€ para apoiar a adquisición de material educativo
- As axudas para libros de texto nas primeiras etapas escolares, onde no se poden reutilizar de curso en curso, mantéñense nunha franxa de entre 160€ e 270€
- Todo o alumnado de Educación Especial, así como aquel que teña necesidades específicas de apoio e un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% recibirá 300€

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde a unha nova convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar no curso 25/26, unha liña de apoio ás familias que beneficiará a sete de cada dez alumnos en función do nivel de renda. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP mantén as melloras realizadas no sistema nos últimos anos ante a suba de prezos, co aumento das axudas aos estudantes. En conxunto, as tres liñas de apoio previstas suman un investimento de 17,6M€.

Ao abeiro das tres ferramentas que compoñen o sistema galego –vales para adquisición de material, axudas para a compra de libros e fondo solidario para prestar os manuais que se poden reutilizar–todas as familias que cumpran cos requisitos terán cuberto de balde os libros e material que precisen para os seus fillos, case na súa totalidade, apoiando máis a quen máis o necesita para garantir a igualdade de oportunidades.

No actual curso, 163.023 alumnos tiveron libros de balde a través do fondo, das axudas para a compra de manuais ou do programa de libro electrónico, o que supón o 70% do alumnado das etapas obrigatorias. Deles, 126.754 accederon tamén a vales de material.

Vales para material

No que atinxe a estes bonos, dirixidos a todas as familias con renda per cápita igual ou inferior aos 10.000€, mantéñense dúas categorías. Na primeira delas, para rendas per cápita iguais ou inferiores a 6.000€, o vale é de 75€. A segunda comprende as rendas superiores a 6.000€ e iguais ou inferiores a 10.000€, cun vale de 60€ por alumno.

O alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, o alumnado de Educación Especial e o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% será beneficiario desta axuda polo importe máximo de 75 €, con independencia da renda.

Fondo solidario de libros

O alumnado de todos os cursos entre 3º de Primaria e 4º de ESO poderá acceder ao fondo solidario de libros. Aqueles con renda per cápita igual ou inferior a 6.000 euros

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

teñen garantido o acceso a seis manuais; e no tramo de 6.000 a 10.000 euros, a catro. O alumnado en garda ou tutela da Xunta recibe seis libros con independencia da renda.

Tanto para acceder ao fondo solidario como para recibir as axudas de libros e material é requisito fundamental devolver os libros do curso anterior. Ademais, nos casos nos que o centro deba adquirir algún libro adicional por non ser suficientes os existentes no fondo, o Goberno galego aboa por cada libro complementario 40€ en Primaria e 45€ na ESO.

Nesta ocasión, e ao igual que no curso 24/25, non é preciso facer unha remuda ampla de libros, como si foi necesario nos cursos 22/23 e 23/24 por mor da implantación dos novos contidos debido á entrada en vigor da lei educativa estatal que mudou os manuais.

Axudas para adquirir libros

No referido ás axudas á compra de libros de texto, mantense invariable o seu funcionamento xeral, cos mesmos tramos de renda, consolidando o incremento de cursos anteriores, de entre 20€ e 30€ en función da renda familiar.

No caso do alumnado de 1º e 2º de Primaria (non incluídos no fondo porque os libros non son reutilizables), así como no caso do alumnado do resto dos cursos de ensino obrigatorio que non poida empregar libros do fondo, a axuda do primeiro tramo (igual ou inferior a 6.000€) é de 240€ e a do segundo (renda superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€) de 160€, en Educación Primaria. No caso da ESO, os importes sitúanse en 270€ no primeiro tramo e 180€ no segundo.

Ademais, blíndanse axudas de 300€ para libros para todos os alumnos matriculados en Educación Especial -en centros específicos ou en unidades de Educación Especial de centros ordinarios-, así como para os de Primaria ou da ESO que, tendo necesidades específicas de apoio educativo e un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, non poidan utilizar os libros de texto do fondo. Percibirán este importe con independencia da renda per cápita da unidade familiar. Ademais, cando este último colectivo poida utilizar libros do fondo solidario, recibirá o número máximo, seis, tamén con independencia da renda. Deste xeito o Goberno autonómico adapta a orde de axudas aos requirimentos legais no que atinxe ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

O alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta segue recibindo o importe do primeiro tramo, con independencia da renda, é dicir, 240€ en Primaria e 270€ na ESO.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA PRETO DUN MILLÓN DE EUROS A SERVIZO DE APOIO Á DISCAPACIDADE DE FAXPG, ASPAYM E FEGEREC

A Consellería de Política Social e Igualdade asinará novos convenios de colaboración con estas tres entidades para beneficiar a máis de 3.600 persoas

O Consello da Xunta desta mañá autorizou a sinatura de tres convenios de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e tres entidades de iniciativa social que traballan no ámbito da atención á discapacidade. O montante total destes acordos suma case un millón de euros e prevese beneficiar a máis de 3.600 persoas a través deles.

As entidades beneficiarias e a contía dos convenios son: a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia, á que se destinan 909.826 euros; a Asociación de Paraplégicos de Galicia (Aspaym), que recibe 55.142 euros; e a Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas (Fegerec), con 33.310 euros.

Con estes fondos, a Xunta financia iniciativas e servizos destas entidades que son fundamentais para a mellora da calidade de vida dos seus usuarios, tales como: o servizo de intérpretes de Lingua de Signos Española de Faxpg; os programas de formación, orientación e atención ás familias; as unidades de apoio psico-social ou os servizos de rehabilitación integral.

Estes convenios de colaboración enmárcanse no traballo conxunto que o Goberno galego desenvolve coas entidades sociais especializadas neste ámbito para garantir que as persoas con discapacidade e as súas familias teñan os recursos que necesitan.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SEGUIRÁ A COLABORAR COA FUNDACIÓN DE SOLIDARIEDADE AMARANTA PARA O MANTEMENTO DA CASA DE ACOLLIDA DE OURENSE

Destinaranse 252.000 euros ao funcionamento deste recurso, que o ano pasado acolleu a 23 mulleres vítimas da violencia de xénero e a 10 menores

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Fundación de Solidariedade Amaranta para o mantemento da Casa de Acollida que esta entidade ten en Ourense, que no ano pasado aloxou a 23 mulleres vítimas da violencia de xénero e a 10 menores. O importe deste acordo é de 252.000 euros, a mesma cantidade que no 2024.

Con este convenio, o Executivo autonómico garante a continuidade deste recurso de protección e asistencia integral fronte a violencia de xénero. A Xunta, a través de acordos como este, tenta mellorar a resposta que se proporciona ás vítimas, ofrecéndolles un tratamento integral que abrangue aspectos psicolóxicos, educativos, socio-laborais e xurídicos, co obxectivo de que superen os efectos da violencia.

Neste sentido, a Rede Galega de Acollemento para mulleres vítimas da violencia de xénero conta actualmente con 84 prazas e está composta por oito recursos. Durante o ano 2024 destináronse máis de 1,7 millóns de euros ao mantemento e mellora destes centros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AVANZA NA TRAMITACIÓN DA AMPLIACIÓN DO POLÍGONO EMPRESARIAL DE CARBALLO COA ADXUDICACIÓN DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA FASE II DO PARQUE

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe deste novo avance que permitirá incorporar preto de 630.000 metros cadrados para o asentamento de novas empresas
- A Consellería de Economía e Industria agarda aprobar nos próximos meses o Plan estruturante de ordenación do solo empresarial (PEOSE) coa vista posta no 2026 para sacar a licitación as obras de construción que contan cun orzamento de 18M€

O Consello da Xunta coñeceu na súa reunión desta mañá, da adxudicación do contrato de urbanización e parcelamento do proxecto de ampliación do polígono industrial da Bértoa, en Carballo, á empresa Aneta Iberolatam SLU. Deste xeito, o Goberno galego avanza nun dos plans industriais máis importantes da provincia e que permitirá á comarca de Bergantiños incorporar 629.588 m² para a atracción de novas industrias e a xeración de riqueza e emprego na zona.

O polígono empresarial de Carballo conta na actualidade cunha superficie total de 1.236.327 m² logo da ampliación realizada no ano 2011 e que supuxo a incorporación de 718.482m². O pasado 1 de abril, Xestión do Solo de Galicia (Xestur), empresa pública dependente da Consellería de Economía e Industria, asignaba as últimas dúas parcelas que quedaban baleiras na Bértoa, polo que coa adxudicación do contrato do proxecto de urbanización estase a dar un paso de xigante no proxecto de ampliación desta área empresarial.

Cómpre lembrar que a actuación denominada FASE II de ampliación do polígono industrial da Bértoa inclúe o desenvolvemento de dous sectores: o sector A situado ao oeste e que conta cunha superficie estimada de 516.551m²; e o sector B, emprazado ao este do parque e cunha superficie de 113.036m². Deste xeito e cando se complete esta actuación, o Parque de A Bértoa acadará os 1.865.915m², cun investimento total final de 32 millóns de euros.

Paralelamente ao contrato de urbanización e parcelamento, o Goberno galego traballa tamén no instrumento de planeamento, o denominado Plan estruturante de ordenación do solo empresarial (PEOSE), que está moi avanzado e podería aprobarse no verán. Superados estes trámites, o Goberno galego agarda poder sacar a licitación as obras de construción a finais do ano 2026. Uns traballos para os que a Xunta ten reservados 18 millóns de euros.

Esta actuación complementa a outros desenvolvementos urbanísticos de solo industrial que a Administración galega está a promover na provincia de A Coruña, como son as obras de urbanización (Fase C) do parque empresarial de Morás en Arteixo; o parque empresarial de Coristanco; os parques empresariais de Santa Comba e a ampliación do parque empresarial de A Sionlla en Santiago de Compostela ou o parque empresarial de Cabana de Bergantiños. Uns proxectos que permitirán poñer a disposición do tecido empresarial algo máis de 2 millóns de metros cadrados de solo empresarial na provincia da Coruña.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 2M€ AO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL DE EMPREGADOS PÚBLICOS, QUE ESTABLECE AXUDAS PARA ATENDER PERSOAS CON DISCAPACIDADE

De acordo cos datos dos últimos anos, a Administración autonómica prevé máis de 900 solicitudes

A Xunta de Galicia destinará 2 millóns de euros en axudas dirixidas aos empregados públicos da Administración galega para a atención de persoas con discapacidade. Estas axudas, de ata 180 euros mensuais, forman parte do Fondo de Acción Social de 2024, cuxos criterios de repartición foron aprobados hoxe no Consello da Xunta.

O Fondo de Acción Social da Xunta para o exercicio 2024 conta cunha dotación orzamentaria de 2.000.000 euros. A través deste fondo, o persoal ao servizo da Administración autonómica pode percibir unha axuda máxima de 2.160 euros anuais para a atención de persoas con discapacidade.

Poderá solicitar estas axudas o persoal funcionario, incluído o persoal docente e o profesorado da materia de relixión, e determinado persoal laboral do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia en servizo activo no momento da presentación de solicitudes ou xubilados no 2024.

Cómpre salientar que o número de axudas concedidas o ano pasado foi de 920.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA O SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN DOS CENTROS DE PROCESOS DE DATOS, QUE GARANTEN O FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS DIXITAIS DO SECTOR PÚBLICO AUTÓNOMICO

- O Consello do Goberno autorizou hoxe a contratación do servizo de soporte e administración dos sistemas que albergan os CPDs e que xestionan as preto de 3.000 aplicacións da Administración autonómica
- O contrato inclúe a planificación, análise, deseño, supervisión e monitorización dos sistemas informáticos e a xestión integral dos elementos de hardware e software
- Establece un servizo de 24 horas os sete días da semana e unha resolución dos incidentes prioritarios en menos de 6 horas

O Consello de Goberno de Galicia autorizou hoxe a contratación do servizo de soporte e administración dos sistemas dos Centros de Procesos de Datos da Xunta (CPDs), que xestionan as preto de 3.000 aplicacións da administración autonómica, dan servizo a máis de 2.700 centros administrativos, a arredor de 118.000 empregados públicos e a toda a cidadanía galega. O contrato licitarase nos vindeiros días cun orzamento de 7,17 millóns de euros (IVE incluído) para os anos 2026 e 2027 e cun valor estimado de 14 millóns de euros, que contempla prórrogas por un pazo igual ou inferior aos 24 meses e as posibles modificacións.

O servizo contratado inclúe a planificación, deseño, implantación, xestión e optimización dos procesos de explotación e evolución das infraestruturas e plataformas que albergan os CPDs, ademais da monitorización e análise de rendemento e produtividade destes servizos.

O equipo de administradores ocuparase tamén da instalación, actualización, configuración e parametrización de elementos software e hardware dos sistemas informáticos así como das copias de seguridade, da xestión dos incidentes e das peticións de servizo.

O contrato establece un servizo de 24 horas os sete días da semana para garantir a dispoñibilidade duns sistemas clave para o funcionamento dos servizos dixitais da Administración autonómica. Nesta mesma liña, reduce o tempo de resposta a un incidente prioritario a cinco minutos desde a comunicación e a súa resolución a un tempo máximo de seis horas.

As funcións do equipo de administradores de sistemas abrangerán, tamén, o asesoramento técnico a nivel de arquitectura, hardware e software, a formación a persoal e o estudo de aplicación de solucións tecnolóxicas relacionadas coa operativa e as infraestruturas tecnolóxicas da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

A complexidade de infraestruturas tecnolóxicas de sistemas fai indispensable complementar os recursos propios destinados á administración de sistemas. O contrato permitirá a súa xestión con horarios estendidos e recursos especializados para poder dar

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cobertura á ampla franxa horaria na que se realizan os despregues de aplicacións e outras tarefas de administración de sistemas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO PARA EXECUTAR NOVAS SENDAS PEONÍS NA ESTRADA AC-433 EN LAXE, ÁS QUE SE DESTINARÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 900.000 €

- Autorízase o trazado de dous novos tramos de sendas nesta vía autonómica: un primeiro que parte do núcleo de Castrelo uníndose coa senda xa executada en Serantes; e un segundo, que enlaza este núcleo co de Laxe
- Este proxecto inclúise na segunda fase do Plan de Sendas en estradas de titularidade autonómica e daralle continuidade aos itinerarios executados na AC-433 en Soesto e Serantes, conformando un itinerario continuo e seguro para os peóns
- A previsión é convocar as expropiacións e aprobar o proxecto de construción neste mesmo ano, para a continuación licitar a execución das obras

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación do proxecto de trazado para executar novas sendas peonís na estrada AC-433, no concello de Laxe.

O Goberno galego destinará un investimento de máis de 900.000 euros á construción de dous novos tramos de sendas peonís nesta vía autonómica: un primeiro que parte do núcleo de Castrelo uníndose coa senda xa executada en Serantes; e un segundo, que enlaza este núcleo co de Laxe.

Estes itinerarios, que se desenvolverán pola marxe dereita da AC-433, no seu percorrido polo municipio coruñés, suman unha lonxitude total de 1.903 metros.

Así, segundo o proxecto deseñado polo departamento de Infraestrutura da Xunta, prevese un primeiro tramo de senda situado preto de Castrelo, no punto quilométrico 10+494, que finalizará no inicio da senda existente en Cabanas, no punto 11+076.

O segundo tramo permitirá a conexión entre Cabanas e Finllido, discorrendo entre os puntos 11+731 e 12+428. Neste treito prevense dúas zonas de aparcamentos.

A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Goberno galego leva tamén aparellada a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar esta intervención. En concreto, para executar esta actuación é necesaria a expropiación de 7 parcelas (580,83 m²) no concello de Laxe.

A Xunta realizará a convocatoria de levantamento de actas previas das expropiacións e aprobará o proxecto de construción neste mesmo ano, para a continuación licitar a execución das obras. A actuación ten un prazo de execución de 12 meses.

Con estas actuacións o Goberno galego dálle continuidade aos itinerarios executados entre os anos 2022 e 2023 na AC-433 en Soesto e Serantes, no municipio de Laxe, conformando así un itinerario continuo e seguro para os peóns.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este proxecto inclúise na segunda fase do Plan de Sendas en estradas autonómicas, aprobado en decembro do pasado ao polo Consello da Xunta de Galicia, e prevese que sexa cofinanciado con fondos europeos FEDER 21/27.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

XUNTA E CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR MODERNIZARÁN O ALUMEADO PÚBLICO NAS SENDAS DAS ESTRADAS OU-536 E OU-537 MELLORANDO A SEGURIDADE VIARIA E PEONIL

- A actuación suporá un investimento de case 260.000€ e permitirá o uso de tecnoloxía máis eficiente, coa instalación dun total de 85 luminarias led con nivel de iluminación regulable, evitando zonas en penumbra e contribuíndo á maior seguridade viaria e peonil
- A Xunta achegará o 70% do financiamento, máis de 180.000 euros; e o Concello do Pereiro de Aguiar destinará o 30% restante
- O Concello asume a redacción do proxecto, a execución das obras e a instalación realizada, sendo o responsable do seu subministro eléctrico e da súa conservación
- A Administración local tamén acepta o mantemento das franxas verdes que separan a senda peonil da calzada destas estradas no seu percorrido polo municipio; así como dos aneis interiores de distintas glorietas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, e o Concello do Pereiro de Aguiar, para a modernización do alumeado público das sendas peonís que discorren paralelas ás estradas OU-536 e OU-537, dúas vías estratéxicas na conexión deste municipio ourensán.

A través deste convenio, que suporá un investimento conxunto total que rolda os 260.000 euros, trátase de mellorar a actual iluminación, e evitar zonas en penumbra, contribuíndo a unha maior seguridade viaria e peonil.

Con este acordo, o Goberno galego ten como obxectivo seguir fomentando a mobilidade sustentable e compatible coa circulación de peóns en condicións de seguridade e comodidade, en treitos de itinerarios sendas peonís executadas pola Xunta nestas vías autonómicas ao seu paso polo municipio.

A actuación proposta pretende mellorar a eficiencia enerxética no alumeado público das sendas peonís existentes nestas dúas estradas, coa substitución de luminarias por outras máis eficientes, con tecnoloxía led e nivel de iluminación regulable e menor potencia, mantendo os niveis de iluminación esixibles para este tipo de infraestruturas.

No marco deste convenio, a Xunta achegará o 70% do financiamento da intervención, máis de 180.000 euros; e o Concello do Pereiro de Aguiar asumirá o 30% restante, destinando algo máis de 77.000 euros.

Ademais, o Concello asume a redacción do proxecto, a execución das obras e a instalación realizada, sendo o responsable do seu subministro eléctrico e da súa conservación. Tamén asume o mantemento das franxas verdes que separan a senda peonil da calzada nas estradas, OU-536 e OU-537, no percorrido destas estradas polo

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

concello de Pereiro de Aguiar; así como dos aneis interiores das glorietas situadas nos puntos quilométricos 6+000 e 7+150 da OU-536 e 2+200 da OU-537.

Actuación

Na actualidade o alumeadado público nas estrada OU-536 e OU-537 o seu paso por Pereiro de Aguiar, está conformado por luminarias, equipadas con lámpadas de vapor de sodio de alta presión, dotados de equipos ferromagnéticos dun único nivel de consumo, de escasa potencia que xeran zonas de iluminación moi deficiente.

Para iso, na estrada OU-536 prevese a Instalación de 25 novas luminarias led sobre columnas de aceiro galvanizado con equipo electrónico aloxado no seu interior para o seu control. Os centros de mando do alumeadado público existentes encóntrase en bo estado de conservación e conta con todas as proteccións necesarias para as novas instalacións.

No caso da intervención na OU-537, proponse a Instalación de 60 luminarias led sobre columnas de aceiro galvanizado.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE MONDOÑEDO PARA A MELLORA DA ACCESIBILIDADE NA ZONA DOS CASTROS

- A intervención suporá un investimento que rolda os 315.00 euros e forma parte do Plan Hurbe, un programa impulsado polo Goberno galego co fin de axudar as administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas
- Mellorarase a accesibilidade a esta zona da vila desde a rúa Rocha de Vélez permitindo o acceso a vehículos e peóns nunha soa dirección de maneira segura
- A Xunta, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asume o 70% do orzamento, algo máis de 220.000 euros, e contratará e executará as obras
- O Concello achega o 30% restante, redactará o proxecto e realizará as xestións para posibilitar a execución das obras, que incorporará ao patrimonio público municipal
- O Goberno galego segue a cooperar con concellos na mellora das contornas urbanas, de accesibilidade e supresión das barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos no obxectivo da revitalización do territorio e o reequilibrio territorial

O Consello da Xunta deulle hoxe o seu visto e praxe ao acordo de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o Concello de Mondoñedo para executar as obras de mellora da accesibilidade na zona dos Castros, que suporán un investimento de 314.660 euros.

A intervención obxecto desta nova colaboración da Xunta co municipio lucense localízase dentro da delimitación do Plan especial de protección e reforma interior da vila de Mondoñedo, na zona dos Castros, e ten como obxectivo mellorar a accesibilidade á esta contorna desde a rúa Rocha de Vélez permitindo o acceso a vehículos e peóns nunha soa dirección de maneira segura, e revisando as aliñacións de muros parcialmente derrubados preto da antiga N-634.

Este convenio da Xunta enmárcase no coñecido Plan Hurbe, un programa impulsado polo Goberno galego co fin de axudar as administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas.

O Goberno galego cofinanciará nun 70 % estas intervencións -achegará un investimento de 220.262 euros- e contratará e executará as obras.

Pola súa banda, o Concello de Mondoñedo achegará o 30 % restante do custo das actuacións, 94.398 euros, e redactará o proxecto das obras, realizará as xestións pertinentes para posibilitar a súa execución, e comprométese á recepción, mantemento e conservación das actuacións que incorporará ao patrimonio público municipal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Baixo este acordo autorizado hoxe polo Executivo autonómico, a Xunta segue impulsando a continuada colaboración coas entidades locais para a execución de obras e outras actuacións de mellora de contornos urbanos, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

Ademais, a través doutras medidas e liñas de colaboración como o Plan Hurbe, a Xunta contribúe a promover o desenvolvemento das vilas e núcleos rurais da comunidade autónoma como motores de dinamización ao converterse en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁLLE LUZ VERDE A UN NOVO CONTRATO PARA A CONSTRUCCIÓN DE 26 VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA EN SAN PAIO DE NAVIA, EN VIGO

- O Goberno galego financiará con fondos propios a licitación da redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción destas 26 novas vivendas, ás cales se destinará un investimento que supera os 250.000 euros
- Neste ámbito da cidade están en marcha 835 vivendas públicas en distintas fases de execución, incluíndose os 80 aloxamentos compartidos para menores de 36 anos
- O Executivo autonómico mantén o ritmo de traballo para duplicar o parque público de vivenda en Galicia nesta lexislatura, ata chegar ás 8.000, tendo xa máis de 2.000 vivendas en distintas fases de execución

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde á licitación dun novo contrato para a redacción do proxecto para a construción de 26 vivendas de promoción pública (VPP) en San Paio de Navia, no concello de Vigo.

A previsión é licitar nas vindeiras semanas este contrato, por un investimento de máis de 250.000 euros, que se financia integramente con fondos propios da Xunta, e no cal inclúen os servizos de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción destas 26 VPP, garaxes, rochos e locais na parcela parcelada MIIIB14, que conta cunha superficie de 893 metros cadrados, e que está a ser urbanizada pola Xunta.

O Executivo autonómico continúa avanzando no desenvolvemento da construción de vivenda de promoción pública nas grandes cidades e a súa área de influencia, sendo Navia o exemplo do traballo que se está a facer nesta materia.

Neste ámbito da cidade están actualmente en marcha 835 vivendas públicas en distintas fases de execución, incluíndose os 80 aloxamentos compartidos para menores de 36 anos. A esta cifra engadírase a próxima licitación dos proxectos para as 75 novas vivendas, cuxa contratación foi autorizada a pasada semana no Consello da Xunta.

O Goberno galego mantén o ritmo de traballo para duplicar o parque público de vivenda en Galicia nesta lexislatura, ata chegar ás 8.000, tendo neste momento xa en marcha máis de 2.000 vivendas en distintas fases de tramitación e execución.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ PRETO DE 2,2 M€ Á NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA

- Os inmobles para os que se solicite o financiamento deberán ser o domicilio habitual dos seus propietarios, usufrutuarios ou arrendatarios
- Subvencionarase o 40 % do custo das actuacións, cun límite de 3.000 euros por vivenda, sendo o custo mínimo da actuación igual ou superior aos 1.000 €
- As obras deben acadar unha redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración de, polo menos, o 7 %, ou unha redución do consumo de enerxía primaria non renovable de, polo menos, o 30 %
- Entre 2021 e 2024 concedéronse axudas para a mellora da eficiencia enerxética de 3.792 vivendas por importe que rolda os 10,5M€

O Consello da Xunta tomou hoxe razón da próxima convocatoria do programa de axudas para a mellora da eficiencia enerxética en vivendas unifamiliares e en vivendas en residenciais colectivo por un orzamento global que rolda os 2,2 millóns de euros.

Esta nova quenda de axudas convocadas pola Xunta, co financiamento de fondos europeos do Mecanismo de recuperación e resiliencia, diríxense ás persoas físicas propietarias, usufrutuarias ou arrendatarias de vivendas.

Así, a través desta convocatoria, de carácter plurianual, convócanse as axudas de mellora da eficiencia enerxética de vivendas, dirixidas ao emprego, principalmente, da mellora das carpintarías exteriores.

As vivendas para as que se solicite o financiamento deberán constituír o domicilio habitual e permanente dos seus propietarios, usufrutuarios ou arrendatarios no momento de solicitar a axuda.

En concreto, estas axudas para a mellora enerxética de edificios están destinadas a actuacións que se realicen en inmobles de tipoloxía residencial colectiva e en vivendas unifamiliares en que, grazas ás obras para as que se solicita subvención, se consiga unha redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración de, polo menos, o 7 %, ou unha redución do consumo de enerxía primaria non renovable de, polo menos, un 30 %.

Tamén se considerarán subvencionables as actuacións de modificación ou substitución de elementos construtivos da envolvente térmica para adecuar as súas características aos valores límite de transmitancia térmica e de permeabilidade ao aire.

As vivendas deberán contar cun certificado de eficiencia enerxética do edificio existente no seu estado actual elaborado e asinado pola persoa competente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O importe da subvención será do 40 % do custo das actuacións, cun límite de 3.000 euros por vivenda. O custo mínimo da actuación terá que ser igual ou superior a 1.000 euros por vivenda.

As actuacións non poderán estar iniciadas antes do 1 de febreiro de 2020 nin estar finalizadas no momento da publicación desta nova convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para executar as obras non poderá exceder os doce meses, contados desde a data de notificación da resolución de concesión da axuda. En todo caso, as intervencións obxecto de financiamento a través deste programa deberán estar finalizadas antes do día 30 de xuño de 2026.

Entre 2021 e 2024 concedéronse axudas para a mellora da eficiencia enerxética de 3.792 vivendas por importe de 10,5 millóns de euros.

Os fondos son remanentes de convocatorias anteriores e con eles esgótanse os fondos europeos do programa Next Generation destinados á vivenda, xestionados pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ABRE UNHA NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS DIRIXIDAS Á REHABILITACIÓN E MELLORA DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA

- Diríxese 1 M€ a esta convocatoria con que se apoian os esforzos que están a levar a cabo as comunidades destas vivendas, para a adecuación aos requisitos de funcionalidade, seguridade, habitabilidade e accesibilidade
- A contía da subvención poderá chegar ata o 60 % do orzamento das obras, cun importe máximo de 6.000 euros por vivenda
- O Goberno galego persegue favorecer o acceso aos colectivos con menos recursos a liñas de axudas que lles posibiliten facer fronte aos custos destas actuacións e que levan permitido desde o 2016 intervir na mellora de 5.478 vivendas

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a próxima publicación da resolución dunha nova convocatoria de axudas para a reparación, rehabilitación e/ou adaptación de vivendas de promoción pública (VPP), dirixida ás comunidades de propietarios ou agrupación de comunidades de inmoables promovidos polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).

A Xunta destina 1 millón de euros a esta convocatoria de 2025, de carácter plurianual, con que o Goberno galego pretende apoiar os esforzos que están a levar a cabo as comunidades destas vivendas para acometer as obras necesarias para a adecuación aos requisitos de funcionalidade, seguridade, habitabilidade e accesibilidade destes edificios motivadas polo transcurso do tempo.

Esta nova convocatoria do programa da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas diríxese á mellora de edificios de vivenda protexida, que teñan máis de 10 anos de antigüidade ou nos cales o réxime de protección se extingue nos tres anos anteriores.

A contía da subvención poderá chegar ata o 60 % do orzamento das obras, cun importe máximo de 6.000 euros por vivenda.

Poden ser obxecto de subvencións obras para a supresión de barreiras arquitectónicas co obxectivo de mellorar a accesibilidade do inmoable -instalación de ascensores, ramplas ou dispositivos adaptados ás necesidades de persoas con discapacidade sensorial-.

Ademais, tamén poden recibir financiamento obras de adecuación funcional que proporcionen ao edificio unha mellora dos accesos aos servizos xerais de auga, gas, electricidade, telefonía, saneamento etc.

A este respecto, cómpre indicar que as actuacións deberán axustarse á normativa técnica vixente no momento da súa execución e poderán estar iniciadas no momento de solicitar a subvención, pero non rematadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O prazo de solicitude desta convocatoria de 2025 será de dous meses, contados desde o día seguinte á publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

A data para finalizar as actuacións será o 31 de outubro da anualidade da resolución de concesión último da axuda, sendo a data límite o 30 de novembro de 2026.

O Goberno galego segue fomentando a realización de obras que eviten a deterioración e as carencias nestes edificios, tendo como obxectivo favorecer o acceso aos colectivos con menos recursos ás liñas de axudas que lles permitan facer fronte os custos destas actuacións, e que desde o 2016 levan permitido intervir na mellora de 5.478 vivendas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSTRUIRÁ 71 VIVENDAS PÚBLICAS EN SOLOS CEDIDOS POLOS CONCELLOS DE LALÍN, A ESTRADA E TEO

- O Consello da Xunta deu conta do acordo de aceptación por parte da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal) da cesión gratuíta de tres parcelas, que suman 4.078 metros cadrados de superficie, para incrementar o parque público residencial
- No caso de Lalín construíranse 17 vivendas, mentres que na Estrada o acordo permitirá a creación de 28 vpp e en Teo construíranse 26
- A Xunta avanza no compromiso para incrementar o parque público residencial nesta lexislatura con 4.000 novas vivendas públicas, das cales xa están en marcha máis de 2.200

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao acordo de cesión gratuíta de solo por parte dos concellos de Lalín, A Estrada e Teo, que permitirá á Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal) construír 71 novas vivendas de promoción pública nestes municipios.

En concreto, a Administración autonómica acada unha parcela de 1.451 metros cadrados no concello da Estrada, concretamente na avenida de Vigo, en que prevé construír 28 novas vivendas.

Ademais, en Lalín o Concello cede unha parcela na rolda Leste-Agro de Lalín de Arriba, de 641 metros cadrados, na cal se prevén crear 17 vivendas de promoción pública.

E en Teo, a Xunta acada unha parcela cedida polo concello na rúa Cernadelo, na zona das Galanas-Calo, de 1.985 metros cadrados, na cal se construírán 26 vivendas públicas.

Unha vez que se asinen as escrituras públicas de cesión entre os concellos e Vipugal, a Xunta asumirá a titularidade destas parcelas e iniciará o proceso de licitación dos proxectos para a construción das vivendas.

O Goberno galego segue a incrementar o parque público residencial co obxectivo de duplicalo nesta lexislatura e acadar así 4.000 novas vivendas. Neste momento, xa ten en marcha máis de 2.200 vivendas nas cidades de Vigo, Pontevedra, A Coruña, Santiago, Ourense, Lugo ou Ferrol.

Ademais, a Xunta tamén ten en marcha a primeira fase da Estratexia Galega de Solo Residencial con que busca, en colaboración cos concellos, facilitar solo destinado á construción de 25.000 vivendas, 20.000 protexidas e 5.000 libres.

Na actualidade, a Xunta avanza na adxudicación da redacción dos proxectos de interese autonómico (PIA) para desenvolver os primeiros ámbitos en sete concellos (Vigo, Pontevedra, A Coruña, Santiago, Arteixo, Lugo e Ourense) nos cales se prevén máis de 15.000 vivendas, a maioría protexidas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL PARA A REALIZACIÓN DE DETERMINACIÓNS BIOQUÍMICAS E INMUNOQUÍMICAS NOS LABORATORIOS DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE POR IMPORTE DE 9,2 M€

- Os laboratorios do Hospital Teresa Herrera e do Hospital Virxe da Xunqueira realizan preto de 13 millóns de probas ao ano para avaliar o estado de saúde da poboación galega
- O contrato terá unha duración inicial de dous anos e inclúe a subministración dos materiais para medir as diferentes magnitudes bioquímicas e inmunoquímicas, así como o equipamento e software necesario para a análise das mostras

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación, por importe de 9.224.630 euros, para a adquisición do material necesario para a realización de determinacións de tipo bioquímico e inmunoquímico nos laboratorios da área sanitaria da Coruña e Cee.

O contrato, cuxa duración inicial será de dous anos, inclúe a subministración de todos aqueles reactivos e analizadores precisos para medir os parámetros bioquímicos e inmunoquímicos do conxunto de probas que se realicen nos laboratorios do Hospital Teresa Herrera da Coruña e do Hospital Virxe da Xunqueira de Cee.

Ademais, tamén incorpora a dotación do equipamento e software necesario para realizar as ditas análises, entre os que se inclúen: alicuotadores, centrífugas, neveiras e todo aquel material funxible que sexa necesario para analizar as mostras.

O laboratorio do centro hospitalario coruñés realiza máis de 12 millóns de determinacións ao ano, mentres que os laboratorios do Hospital Público de Cee rexistran ao redor de 700.000 determinacións ao ano.

As determinacións de laboratorio son un tipo de análises que se realizan nas mostras biolóxicas para detectar ou diagnosticar enfermidades, tras a identificación dos compoñentes químicos e dos procesos fisiolóxicos.

Destacan as determinacións de tipo bioquímico, que miden a cantidade de substancias no sangue (glicosa, proteínas, calcio, electrólitos, marcadores tumorais, hormonas etc...), e tamén as determinacións de tipo inmunolóxico, que son aquelas que detectan o volume de anticorpos e permiten examinar as súas reaccións cos diferentes antíxenos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE 1,4 M€ PARA O MANTEMENTO INFORMÁTICO E EVOLUCIÓN DO SISTEMA DE INFORMACIÓN HOSPITALARIO DE GALICIA

- A relación de aplicacións informáticas que se inclúen no contrato atinxen á área de xestión, como o control do gasto, o rexistro de profesionais, a xestión de quendas e dos contratos de traballo ou a xeración da nómina
- En canto á área clínica, o contrato abrangue os programas informáticos de consultas de urxencias hospitalarias, de procesos de seguimento de pacientes, de actividade cirúrxica ou do arquivo de historias clínicas
- Con este investimento consolídase o avance no proceso de transformación dixital do Servizo Galego de Saúde co obxectivo de mellorar a prestación de servizos aos usuarios, pacientes, familiares e coidadores

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación, por un importe de 1.427.969 euros e un período inicial de doce meses, dos servizos de xestión de proxecto e desenvolvemento necesarios para o mantemento e evolución do Sistema de información hospitalario de Galicia (SIHGA) e outras aplicacións informáticas do ámbito clínico e de xestión.

O valor estimado do contrato, atendendo ás posibles prórrogas ata un máximo de duración do contrato e das súas prórrogas de cinco anos, ascende a 6.136.728 euros.

A relación de aplicacións informáticas incluídas no contrato permiten, entre outras funcións, o mantemento e mellora das aplicacións da área de xestión referidas ao control do gasto, ao rexistro de profesionais, á xestión de quendas e dos contratos de traballo e á xeración da nómina para o persoal do Servizo Galego de Saúde e organismos dependentes.

Polo que atinxe á epígrafe da área clínica, as aplicacións informáticas previstas no contrato garanten o mantemento e mellora das referidas ás consultas de urxencias hospitalarias, aos procesos de seguimento especial de pacientes, á atención nas consultas externas ou á actividade cirúrxica, ao arquivo de historias clínicas, aos coidados de enfermaría e ao rexistro de instrucións previas, entre outras.

Este investimento consolida o avance no proceso de transformación dixital do Servizo Galego de Saúde, co obxectivo de mellorar a prestación de servizos aos usuarios, pacientes, familiares e coidadores. Dáse así cumprimento ao Plan de transformación e saúde dixital 2023-2026, impulsado pola Consellería de Sanidade, que persegue axudar a transformar e evolucionar o modelo de atención á cidadanía co apoio necesario aos profesionais sanitarios, permitindo dar resposta aos retos do sector e da poboación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INTEGRA A DOMUS DO MITREO NO SISTEMA GALEGO DE CENTROS MUSEÍSTICOS

- O Consello aproba a orde de cualificación como museo desta entidade que se atopa na cidade de Lugo e que xestiona a Universidade de Santiago de Compostela
- Trátase dun espazo fundamental para salvagardar a conservación dos obxectos atopados no xacemento arqueolóxico sobre o que se sitúa
- Na actualidade, o sistema de organismos expositivos que xestiona o Goberno galego suma un total de 91 institucións, dos cales 22 son coleccións museográficas e un centro de interpretación do patrimonio cultural

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á incorporación da Domus do Mitreo no Sistema galego de centros museísticos da Xunta de Galicia. Trátase dunha entidade xestionada pola Universidade de Santiago e localizada na cidade de Lugo que naceu como museo de sitio e arqueolóxico e que pasa a formar parte da rede da Administración autonómica tras o cumprimento de todos os requisitos exixidos.

Tal e como se establece no acordo avaliado hoxe, a inserción desta entidade fundaméntase no seu papel esencial na salvagarda e conservación dos obxectos atopados no xacemento arqueolóxico sobre o que se sitúa, así como no feito de que se garante a integridade dos bens culturais ao tempo que se compatibiliza a súa conservación coa visita pública.

O espazo adquire aínda máis importancia tendo en conta a relevancia dos dous elementos patrimoniais que custodia: a Domus e o Mitreo. No primeiro deles, que fai referencia a un tipo de casa, documéntase o período romano da cidade de Lugo e amosa aspectos sobre a relación económica co territorio e as súas paisaxes. Así mesmo, conta con estruturas e restos de materiais e elementos que evidencian unha zona termal e a decoración parietal.

Por outra banda, o Mitreo, é un templo dedicado ao deus Mitra. Trátase dun elemento de gran singularidade e relevancia histórica ao tratarse do único, ata o momento, en toda a Península Ibérica que conserva a planta enteira.

Á singularidade deste conxunto súmase que o espazo está situado nun punto de referencia patrimonial da cidade de Lugo en que conflúen a Muralla Romana, construída sobre parte do xacemento, a Catedral de Santa María e o Camiño Primitivo de Santiago de Compostela.

Tras este acordo, a Domus do Mitreo pasará a integrarse no Sistema galego de centros museísticos, do cal forman parte na actualidade un total de 91 centros, deles 68 son museos, 22 son coleccións museográficas e un centro de interpretación do patrimonio cultural. A integración a este organismo da Xunta permitiralle acceder a liñas de axudas públicas, participar en accións formativas de interese para a súa actividade, ter

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

prioridade en accións colaborativas ou en propostas itinerantes promovidas polo Goberno galego, entre outros beneficios.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 600.000 € Á PRIMEIRA CONVOCATORIA DE ESTADÍAS DE FORMACIÓN EN EUROPA PARA A MOCIDADE EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE

- O Consello dá o visto e praxe a estas axudas para este ano, que forman parte das 133 medidas do Plan estratéxico de xuventude 2025-2027, aprobado hai unha semana
- O programa *Galicia Moza con Alma* permitirá o financiamento de cinco proxectos cun máximo de 30 participantes
- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude ten previsto que as dúas seguintes edicións dispoñan dun orzamento de 1,5 M€ para cada unha delas

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á convocatoria da primeira edición do programa *Galicia Moza con Alma* que contará con 600.000 euros para propiciar, ao longo deste ano, estadías de formación en países europeos dirixidas exclusivamente á mocidade galega en situación de vulnerabilidade. Trátase dunha das 133 medidas do Plan estratéxico de xuventude 2025-2027, aprobado xusto hai unha semana, e que conta cun orzamento de máis de 700 M€ para marcar a folla de ruta do Goberno galego dos vindeiros tres anos para mellorar a calidade de vida da xente nova, as súas competencias e capacidades, á vez que a súa participación activa no desenvolvemento económico, social e cultural de Galicia.

Esta medida en concreto da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude procura a promoción de igualdade de oportunidades da poboación moza máis desfavorecida ou en risco de exclusión. Así, esta iniciativa terá como destinatarios destas estadías europeas a mozos e mozas do ámbito do rural, a xente nova con discapacidade, rapaces que leven máis dun ano en paro e tamén aqueles que estean en risco de exclusión social.

O programa, cofinanciado pola Unión Europea no marco do Programa Fondo Social Europeo Plus – Galicia 2021-2027, ten como obxectivo favorecer a mobilidade xuvenil exterior como vía de desenvolvemento persoal e profesional destes colectivos vulnerables, debido a súa situación xeográfica, física ou socioeconómica.

Deste xeito, procúrase reforzarlles a empregabilidade e as habilidades e competencias profesionais, contribuíndo á mellora da súa formación mediante a adquisición de experiencia profesional para a súa incorporación ao mercado de traballo, á vez que melloran e perfeccionan outros idiomas que lles permitan abrir máis portas no eido laboral.

Un programa en tres fases

O programa *Galicia Moza con Alma* consta de tres fases que se desenvolverán de xeito consecutivo. A primeira delas, levarase a cabo en Galicia, xa que se trata dunha preparación sociolingüística e intercultural así como a organización e preparación da mobilidade das persoas mozas participantes. A duración desta formación oscilará entre un mínimo de 75 horas e un período máximo dun mes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Despois deste preparatorio é cando a mocidade inicia as súas prácticas formativas non laborais de dous a tres meses de duración en empresas, entidades ou institucións de países da Unión Europea. Cómpre aclarar que todas as persoas participantes contarán, en todo momento, cunha titorización das prácticas.

Ao seu regreso a Galicia será cando dea comezo a última fase de seguimento. Neste proceso, a mocidade participante vai contar con apoio continuado do programa para que poidan desenvolver as novas capacidades adquiridas co obxecto de conseguir emprego ou seguir estudando e ampliando a súa formación. Para iso, estarán dentro dun plan complementario en habilidades e competencias para o emprego, cun mínimo de 20 horas lectivas.

Salientar que, no caso dos mozos e mozas que non acaden a inserción laboral nesta última etapa do programa, facilitaráselles a inscrición como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia e ofreceráselles participar nun plan titorizado cun orientador deste organismo. Esta fase iniciárase, como moi tarde, unha semana despois de que a persoa participante regrese da súa mobilidade e poderá alongarse un mes como máximo.

5 proxectos e 30 persoas

Para o lanzamento do programa, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude poderá financiar un máximo de cinco proxectos, con seis persoas mozas participantes en cada proxecto. Trátase dunha primeira edición piloto xa que, segundo os resultados deste 2025, prevese a convocatoria de dúas máis (2026 e 2027) cun orzamento de 1.500.000 euros para cada unha delas.

A contía da subvención virá determinada polos días en que se participe en calquera das tres fases: preparación en Galicia, estadía no país europeo e seguimento á volta. Deste xeito, sufragárase 109,20€ por persoa e día, que se ampliaría cun suplemento cando a estadía formativa sexa nun Estado membro da Unión Europea cun maior custo de vida que na Comunidade. En todo caso, o número máximo de días subvencionables é de 150 por persoa moza.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 12,6 M€ PARA A POSTA EN MARCHA DE PROXECTOS NO RURAL A TRAVÉS DA INTERVENCIÓN LEADER

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria 2025 das axudas da Consellería do Medio Rural para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas ao abeiro do Leader no marco do Plan estratéxico da política agraria común 2023-27, así como as facilidades de acceso ao financiamento
- A través destas achegas, que xestionarán os grupos de desenvolvemento rural, financiaranse iniciativas que supoñan a posta en marcha de proxectos non produtivos e de proxectos produtivos xeradores de postos de traballo en zonas rurais
- A medida inclúe como novidade o Bono Activa Rural para fomentar o emprego nestas contornas a través dunha axuda a tanto alzado de ata 18.000 euros, coa obriga de manter a actividade durante polo menos cinco anos

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, dependente da Consellería do Medio Rural, para que na convocatoria da intervención Leader se facilite aos promotores o acceso a financiamento, de tal xeito que non teñan que achegar garantías nos pagamentos á conta, e poidan percibir ata o 100 % da axuda concedida entre anticipos e pagamentos polas axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas que se tramiten ao abeiro da dita intervención, cofinanciadas co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC), e se anuncia a convocatoria para o ano 2025, por importe de máis de 12,6 millóns de euros. A súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* está prevista para finais deste mes de abril.

Estes fondos xestionaranse a través dos 24 grupos de desenvolvemento rural (GDR) seleccionados como entidades colaboradoras da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para a xestión da intervención Leader. A repartición dos fondos para cada un deles estará determinada polas puntuacións obtidas nas estratexias de desenvolvemento local participativo aprobadas. En definitiva, financiaranse iniciativas que supoñan a posta en marcha de proxectos produtivos xeradores de emprego e de proxectos non produtivos que benefician o conxunto da poboación en xeral.

Poderanse beneficiar destas axudas as entidades públicas de carácter local ou comarcal, as persoas físicas e xurídicas e as comunidades de montes en man común, así como as súas mancomunidades. As achegas concederanse en forma de subvención directa de capital non reembolsable e calcularase sobre os custos subvencionables tendo en conta a porcentaxe da axuda que resulte de aplicación do proxecto, en función dos criterios de selección establecidos por cada GDR.

Bono Activa Rural

A maiores, e ao abeiro da intervención Leader no marco do Pepac, esta convocatoria inclúe como novidade o Bono Activa Rural. Isto consiste nunha subvención que se basea

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

nun importe de axuda a tanto alzado destinada á creación e posta en marcha de actividades non agrarias nestas contornas, cunha achega máxima de ata 18.000 euros.

Esta axuda non estará vinculada á xustificación de ningún gasto ou investimento, senón que se relacionará co mantemento da actividade e ao cumprimento do plan empresarial presentado pola persoa seleccionada durante, polo menos, cinco anos. Neste caso, poderán beneficiarse as persoas físicas que se dean de alta no réxime de traballadores autónomos e xeren unha actividade empresarial a título individual en que se cree, como mínimo, o seu posto de traballo.

En definitiva, o desenvolvemento da intervención Leader ten unha repercusión positiva no territorio rural, xa que dinamiza o tecido social e económico destas contornas. Favorecer a creación e o mantemento de emprego nestas zonas a través de novos proxectos produtivos e non produtivos que se ven apoiados por esta intervención a través dos GDR.

De feito, no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia, o Goberno galego mobilizou 77,5 millóns de euros para operacións a terceiros, apoiando 1.580 proxectos. Isto favoreceu ao mesmo tempo a creación de 1.113 postos de traballos e a consolidación de 4.055 empregos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ASINARÁ CONVENIOS CON 261 ENTIDADES LOCAIS PARA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS POR UN TOTAL DE 27,3 M€

- Os acordos dan continuidade á cooperación institucional mantida nesta materia entre a Consellería do Medio Rural e os entes locais, que permitirá mobilizar un total de 72 vehículos motobomba; 168 brigadas e máis de 17.000 hectáreas de tratamentos preventivos de xeito mecanizado
- Os convenios centraranse por un lado na actuación de motobombas e brigadas e, por outro, en traballos de roza manual e/ou de investigación do estado das parcelas das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa e tamén en tratamentos preventivos de xeito mecanizado
- Con esta iniciativa dáse cumprimento á normativa vixente, que estipula que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si nas tarefas de prevención e extinción de incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición

A Xunta asinará convenios con 261 entidades locais de Galicia para prevención e defensa contra incendios forestais, cunha achega, por parte da Administración autonómica, de máis de 27,3 millóns de euros para as anualidades 2025 e 2026, fondos cofinanciados parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027.

O Consello do Goberno galego autorizou hoxe á Consellería do Medio rural a sinatura destes acordos, que permitirán mobilizar un total de 72 vehículos motobomba; 168 brigadas e máis de 17.000 hectáreas de tratamentos preventivos de xeito mecanizado. Neste sentido cómpre sinalar que Medio Rural ofreceu a todas as entidades locais de Galicia colaboración económica para financiar diferentes accións preventivas, de vixilancia e de defensa contra o lume.

O antecedente máis inmediato desta iniciativa é o que constitúen os convenios de colaboración asinados para o período 2023-2024 cun total de 238 entidades locais galegas por un importe total de preto de 25,5 millóns de euros.

Neste novo acordo, as actuacións en materia de vixilancia e defensa son, en concreto, a actuación dun vehículo motobomba todoterreo equipado con cisterna e bomba de auga e a constitución dunha unidade composta por 5 ou 4 persoas que realizarán labores de defensa e extinción de incendios durante un período de operatividade de 3 meses. Estas accións desenvolveranse durante a campaña de incendios forestais, normalmente nos meses de xullo, agosto e setembro, con incorporacións progresivas do persoal das brigadas.

No que atinxe ás actuacións en materia de prevención, centrarase en traballos de roza manual e/ou de investigación do estado das parcelas das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal e tamén en tratamentos preventivos de xeito mecanizado, coa roza mecanizada de matogueira con apeiro, rozadoira de cadeas ou similar acoplado

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

a tractor. Estes labores iniciaránse a partir da sinatura do convenio con cada Concello, dende que se aprobe o programa de actuacións.

Cumprimento da normativa

Con esta iniciativa dáse cumprimento á normativa vixente, que estipula que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si nas tarefas de prevención e extinción de incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición. Así o establece a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Desta forma, mediante esta cooperación institucional os beneficios repercuten no conxunto da sociedade galega, na medida en que se mellora a protección e defensa das persoas, os seus bens e a riqueza forestal fronte o lume.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COMPLETARÁ ESTE ANO A TRANSFORMACIÓN DIXITAL DAS LONXAS E CONFRARÍAS DE PESCADORES DE GALICIA

- Será a través do programa de xestión “Lonxas galegas 4.0” que permite a rastrexabilidade e xestión completa de toda a información desde a pesada ata á propia poxa e a facturación
- En 2025, 56 lonxas e 70 pósitos sumaranse a este proxecto de modernización do sector do mar (Primare_Mar) impulsado pola Consellería do Mar e Amtega
- A segunda fase rematará este ano, implicando un investimento total de preto de 10M€
- Desde a posta en marcha, o sistema permitiu procesar máis de 7 millóns de notas de venda, cun valor de facturación de 388M€ cara aos clientes e de 346M€ cara aos provedores

O Consello da Xunta deu conta do proxecto de acordo relativo á implantación do novo programa de modernización tecnolóxica da comercialización e xestión nas lonxas e Confrarías de Pescadores de Galicia, *Lonxas galegas 4.0*, a través do cal o Goberno galego completará ao longo deste ano o proceso que permite a rastrexabilidade e xestión completa de toda a información relativa ao procedemento que vai desde a pesada ata á propia poxa e posterior facturación e contabilidade. Esta iniciativa, cuxa segunda fase rematará este ano, prevé a implantación deste sistema en 56 lonxas e 70 pósitos, forma parte do proxecto Primare_Mar impulsado pola Consellería do Mar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica (Amtega).

A súa posta en marcha redunda nunha xestión máis eficiente do sector pesqueiro, tanto no relativo á comercialización como na rastrexabilidade do produto, incrementando, en paralelo, a seguridade alimentaria; outro dos obxectivos que comparten tanto os profesionais do mar como a Xunta de Galicia. Tal é así que permitiu procesar máis de 7 millóns de notas de venda, cun valor de facturación de 388 millóns de euros cara aos clientes e de 346 millóns cara aos provedores. É dicir, unha media superior ao millón e medio de transaccións e un negocio de 80 millóns de euros anuais.

Precisamente, co gallo de seguir garantindo o seu desenvolvemento, en decembro do pasado ano a Administración autonómica, a través das consellerías do Mar e de Facenda, asinaban con Amtega a addenda ao convenio para completar este proceso tecnolóxico, de tal xeito, que ao seu remate, o investimento total se aproximará aos 10 millóns de euros.

Funcionamento

Desde que se comezou a súa posta en marcha, e ata 2024, incorporáronse ao modelo 36 rulas e centros de venda de Galicia e 38 pósitos e asociacións sectoriais. Na actualidade, está en marcha a segunda fase, na cal está prevista a implantación desta solución 20 novas lonxas e 32 novas confrarías, das cales 18 están na provincia da Coruña, 6 na de Lugo e 8 na de Pontevedra. Con estas incorporacións darase cobertura total ás necesidades de todos os axentes do sector con alcance por parte da Consellería do Mar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre os aspectos cualitativos de maior interese da solución pode destacarse que conta cun Sistema de información con arquitectura e xestión centralizada, con monitoraxe e control continuo; a mellora dos sistemas de rastrexabilidade e control sobre os procesos de lonxa xa que a información se integra directamente coa Plataforma tecnolóxica da Pesca; o avance nos procesos de comercialización, con posibilidade de realización de poxas en tempo real con independencia da presenza física na lonxa do comprador; o soporte a distintas modalidades de poxa (por especie, por produto, por barco, por lote, sen lotes, por todo etc.) adaptándose ás particularidades das distintas lonxas; a mellora da calidade da información xestionada; a integración do sistema con outras fontes de información sectoriais (alternancia de artes, xestión de documentos telemáticos, sistema de recollida de notas de venda etc.); un sistema de explotación da información integrado baseado en distintos puntos de vista analíticos (grupo biolóxico, especie, data etc.) e indicadores (número de notas, cantidades, importes, prezos medios, máximos e mínimos etc.).

Como aspectos novidosos na xestión pódese mencionar o módulo de facturación directa ou simplificada para poder operar con compradores en man; a implantación de monte común e prezo medio para provedores; a integración coa subministración inmediata de información do IVE configurable por confraría; a xestión documental para o rexistro non só dos documentos senón tamén das actividades ou accións dos usuarios; a xeración de albarás, modificación de mestres e Integración de mestres entre confrarías; a implementación de lista de compras como documento de expedición rápida para entregar aos compradores; a valorización de documentos de transporte para integrar estes ingresos na xestión da confraría; o módulo para o control de cobranzas/pagamentos parciais; a xestión das figuras dos parquistas; a impresión de carnés para socios e a centralización da información censual.

Nestes momentos está en proxecto evolucionar o portal para potenciar a visualización da oferta e ampliar os clientes potenciais, co fin de ofrecer a información de xeito centralizado (cotizacións en tempo real, volumes de venda e dispoñibilidade do produto); os procesos de compra, xa que os compradores poden participar en remoto, consultando previamente onde atopar os produtos que precisan, evitando desprazamentos innecesarios; e mellora da transparencia e eficiencia (poxas dixitais, indicadores en tempo real e integración con sistemas administrativos que permiten unha mellor xestión).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ASINA UN CONVENIO DE COLABORACIÓN CO MINISTERIO DE DEFENSA PARA A UTILIZACIÓN DA CÁMARA HIPERBÁRICA DA UNIDADE DE MERGULLO DE FERROL (UBUFER)

- O acordo permitirá a utilización da cámara hiperbárica da unidade de mergullo de Ferrol (UBUFER) para a realización das probas de compresión e tolerancia de oxíxeno hiperbártico necesarios para o acceso aos cursos de mergullo profesional
- O documento substitúe o anterior asinado en 2016, adáptase ao establecido na Lei do réxime xurídico do sector público, recolle un desembolso dun máximo de 4.876,80 euros ata o ano 2028 segundo o número de cursos celebrados

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Ministerio de Defensa co obxectivo de establecer o marco no cal os aspirantes aos cursos de mergullo profesionais organizados polo Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA) podan realizar na cámara hiperbárica da Armada Española na Estación Naval da Graña en Ferrol as probas de compresión e tolerancia de oxíxeno hiperbárico exixidas pola normativa vixente para acceder a esta formación.

Este acordo, que substitúe o asinado en 2016 e se adapta ao establecido na Lei 40/2015 do réxime xurídico do sector público, recolle un desembolso máximo de 4.876,80 euros por parte da Administración autonómica ata o ano 2028 para a realización de ata 6 cursos ao ano, segundo o número de cursos que teñan que recorrer a este recurso. O documento habilita a utilización deste equipamento no caso que a cámara hiperbárica do IGAFA estea avariada, non dispoñible, non se atope operativa ou exista calquera outra causa que o faga necesario. Deste xeito, queda garantida a dispoñibilidade de equipamentos alternativos seguros ante eventuais incidencias, axudando que non afecten a celebración das accións formativas.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro potencia con este convenio o traballo desenvolvido no ámbito da formación pesqueira polo IGAFA que desde o 2005 é un centro de formación ocupacional na área da acuicultura e que no 2019 foi recoñecido como Centro de Referencia Nacional (CNR) nas áreas profesionais de acuicultura e mergullo. Esta formación é posible pola cualificación dos seus formadores e pola posibilidade de contar cunhas excelentes instalacións e equipamentos, sendo o único centro de Galicia e dos poucos de España que proporciona a dita formación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONCEDE AXUDAS POR 10,7 M€ A PRETO DE 170 ENTIDADES LOCAIS PARA OPTIMIZAR A XESTIÓN DOS SEUS RESIDUOS E AVANZAR CARA Á ECONOMÍA CIRCULAR

- O Consello foi informado do resultado das dúas ordes de subvención convocadas para este ano, que se resolveron con 279 axudas concedidas para financiar proxectos e iniciativas municipais neste eido así como para a compra de diverso material
- As liñas con máis solicitudes van dirixidas á compostaxe e a mellorar ou implantar a recollida separada da materia orgánica, que supón o 40 % da bolsa de lixo tipo
- Con estas axudas os concellos adquirirán agora 18 camións adaptados para biorresiduos, 2.459 contedores para o depósito da fracción orgánica e 18.572 composteiros; a maiores, axudarase a financiar a compra de 792 bidóns e contedores para a recollida de aceites de cociña usados e 44 unidades para refugallos téxtiles
- Ao abeiro da outra orde de incentivos, dirixida a mellorar a xestión dos residuos especiais que quedan fóra da recollida domiciliaria, subvencionarase a instalación de 89 puntos limpos de proximidade e dunha decena de puntos limpos móbiles, ademais de cofinanciar melloras en varias instalacións fixas deste tipo xa existentes
- Para atender todas as solicitudes que cumpren os requisitos pero quedaron fóra por falta de crédito, a Xunta ampliará en 0,8 M€ o orzamento inicial desta segunda orde

A Xunta de Galicia concederá este ano axudas por un importe total de 10,7 millóns de euros a preto de 170 entidades locais para apoialas na compra de material e no impulso de proxectos e iniciativas co obxectivo común de mellorar e avanzar na recollida selectiva dos distintos fluxos de residuos domésticos.

Así se recolle nun informe do que tomou razón está mañá o Consello e que recolle os resultados das dúas convocatorias lanzadas a finais de 2024 pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, que mantén un ano máis a súa liña de apoio e colaboración coas administracións locais galegas para avanzar nos obxectivos europeos en materia de residuos e na implantación da economía circular a nivel municipal.

A primeira das ordes, que foi a que recibiu un maior número de solicitudes, vai dirixida a apoiar catro tipos de actuacións: implantar, ampliar ou mellorar a recollida selectiva dos chamados biorresiduos domésticos e fomentar a súa reciclaxe en orixe mediante proxectos de compostaxe doméstica ou comunitaria (liñas 1 e 2) así como a garantir a recollida separada de aceites de cociña (liña 3) e dos residuos téxtiles (liña 4).

Dos 8,1 millóns de euros concedidos a través desta orde, a maior contía (7,66 millóns) corresponde ás subvencións destinadas a recoller, separar e tratar a materia orgánica de orixe doméstica, que supón o 40 % da bolsa de lixo tipo en Galicia; de aí a importancia de incidir na necesidade de garantir a nivel municipal o seu correcto depósito e xestión.

Con estas axudas, sufragarase a adquisición de 18 camións adaptados para recoller e trasladar biorresiduos, de 2.459 contedores para o depósito específico da fracción orgánica dos residuos municipais e de 18.572 composteiros domésticos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os outros dous tipos de actuacións subvencionables con cargo a esta mesma orde están relacionados coa recollida selectiva de dúas fraccións do lixo doméstico sobre as cales a UE ten posto o seu foco nos últimos anos: o aceite de cociña usado e os residuos téxtiles, obrigatoria en ambos os casos desde o 1 de xaneiro de 2025. En concreto, a Xunta axudará a sufragar este ano o custo da compra e implantación de 792 bidóns e contedores municipais para o depósito de aceites domésticos e doutros 44 colectores para roupa.

Execución de máis do 90 %

En canto á segunda orde, cun orzamento de 2,6 millóns de euros, ten como fin apoiar iniciativas para garantir unha correcta xestión dos residuos domésticos pero centrada, neste caso, naquelas fraccións especiais que quedan fóra da recollida domiciliaria ordinaria e non se poden depositar directamente en ningún dos contedores existentes.

Dividida tamén en catro liñas de actuación, as tres primeiras ofrecen cobertura económica para proxectos de mellora ou posta en marcha de diferentes tipos de puntos limpos, é dicir, instalacións fixas ou móbiles en que a cidadanía pode levar e depositar refugallo de moi diversa tipoloxía (aparells eléctricos e electrónicos, pilas e baterías, mobles e utensilios domésticos, restos de podas, vidro, madeira etc.).

Con estas achegas da Xunta, que xa tiveron nos últimos anos moi boa acollida, destinaranse case 1,3 millóns a cubrir ata o 90 % dos custos de adquisición de 89 puntos limpos de proximidade (instalacións de menor tamaño pero coa mesma función) e 10 móbiles que prestarán o servizo de forma itinerante. Ademais, tamén se concederon axudas para obras de mellora ou ampliación de puntos limpos fixos xa existentes e, con cargo á cuarta liña de actuacións subvencionables, para construír e mellorar instalacións de preparación para a reutilización e para a autorreparación de residuos domésticos.

En total, os 10,7 millóns de euros concedidos este ano ás entidades locais para optimizar a xestión dos seus residuos —cofinanciados con fondos europeos do Mecanismo de recuperación e resiliencia— permitirán atender 279 solicitudes municipais en toda Galicia, sendo a provincia de Pontevedra a máis beneficiada, con case a metade das achegas (4,95 M€), seguida da Coruña (3,3 M€), Lugo (1,21 M€) e Ourense (1,20 M€).

Estas cifras reflicten o éxito das dúas ordes de subvencións xa que a execución do orzamento total dispoñible supera o 90 % e ademais, no caso concreto das axudas para mellorar ou adquirir diferentes modalidades de puntos limpos así como para fomentar a preparación para a reutilización, esgotáronse a totalidade dos fondos. De feito, para poder atender todas as solicitudes que se acolleron a esta orde e cumprían os requisitos pero quedaron fóra por falta de fondos (correspondentes a unha vintena de concellos), a consellería está a tramitar xa unha ampliación de crédito por preto de 800.000 euros.

Aproveitamento dos fondos europeos

A Xunta é consciente do importante reto que teñen as entidades locais galegas respecto do cumprimento da normativa europea de residuos e da necesidade de implicar todos os axentes sociais para a consecución real dos obxectivos marcados neste eido.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por iso, nos últimos anos convocou un completo paquete de axudas, financiado con orzamento propio e fondos do programa *Next Generation UE*, para axudar as entidades locais a implementar un sistema propio de recollida e tratamento da materia orgánica e outros investimentos relacionados coa xestión correcta e eficaz dos residuos municipais.

Así, só no período 2022-2024 a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático concedeu axudas neste eido por un total de 24,4 millóns. Máis do 85 % destes fondos (21,1 millóns) destináronse a cofinanciar preto de 500 proxectos, medidas e iniciativas locais que contribúen a mellorar a recollida e xestión dos residuos de orixe doméstica, un balance ao cal se sumarán este ano todas as iniciativas municipais que resultaron beneficiarias das dúas ordes publicadas co mesmo fin en decembro de 2024.

Apoio ás entidades locais para cumprir cos retos da UE

Con estas axudas, a Xunta mantén o seu compromiso de apoiar as administracións locais para avanzar no cumprimento da normativa vixente en materia de residuos domésticos e na transición cara ao modelo de economía circular a nivel municipal, apoiando o financiamento de actuacións que optimicen os servizos prestados neste eido e impulsen unha nova cultura que contribúa a alongar a vida útil dos produtos.

Deste xeito, o Goberno autonómico segue avanzando para pechar o círculo da sustentabilidade, dotando Galicia dun marco normativo e estratéxico moderno e eficaz e potenciando de forma decidida unha xestión dos residuos baseada na prevención e no fomento da reciclaxe, aspectos fundamentais para superar o modelo de economía lineal e lograr unha transición enerxética xusta e ordenada.

Entre os principais fitos neste eido cómpre lembrar a aprobación da Lei de residuos e solos contaminados de Galicia no ano 2021, que recolle as novas disposicións da directiva comunitaria en relación coa xeración e xestión dos refugалlos domésticos, o fomento da preparación para a súa reutilización e reciclaxe e a recollida separada de novas fraccións de lixo, como os biorresíduos, o aceite de cociña ou o material téxtil.

Ademais, o ano pasado aprobáronse os novos plans autonómicos de residuos que lle darán continuidade aos anteriores cun horizonte temporal plurianual: o Plan sectorial de xestión de residuos municipais de Galicia (PXRMG) e o Plan sectorial de xestión de residuos industriais de Galicia (PRIGA).

Ambos os instrumentos marcan a folla de ruta a seguir ata o ano 2030 e consolidan o compromiso do Goberno galego cun novo modelo produtivo e unha xestión axeitada e sustentable dos residuos en Galicia, en coherencia co Estratexia galega de economía circular 2020-2030 e coa Estratexia de cambio climático e enerxía 2050.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA TRABALLA XA NO PRIMEIRO CATÁLOGO DO PATRIMONIO CULTURAL DO LITORAL TRAS O ACORDO HISTÓRICO PARA QUE GALICIA ASUMA A XESTIÓN DIRECTA DA SÚA COSTA

- Estará aprobado “no último trimestre” do ano e busca inventariar bens, elementos etnográficos e edificacións públicas e privadas na franxa costeira e fixar os seus usos
- O presidente salienta que o Estado vai transferir a Galicia “36 postos de traballos, 11 vehículos e 1,2 millóns de euros anuais” para facer efectiva a plena autoxestión
- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático anuncia que se impulsará un Pacto galego polo litoral co para converter a costa galega “nun exemplo de dinamismo económico sostible”
- O Goberno galego prevé aprobar o decreto regulador do Foro do Litoral o próximo verán e as Directrices de ordenación do litoral, no último trimestre do ano

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, resaltou hoxe que a Xunta “aprobará no último trimestre deste ano” o Catálogo do patrimonio cultural do litoral Galicia, unha das primeiras medidas que impulsará ao abeiro da Lei de ordenación e xestión do litoral tras formalizarse o traspaso a Galicia dos servizos, medios e funcións necesarios para que a comunidade poida asumir a xestión plena e efectiva da súa costa.

Cinco días despois de que o Goberno central e a Xunta rubricasen en Santiago o acordo histórico sobre as transferencias á comunidade pendentes neste eido, o Consello foi informado hoxe da folla de ruta a seguir nos vindeiros meses para activar, na práctica, o desenvolvemento das competencias galegas sobre a xestión e a ordenación do litoral.

Rueda explicou que o acordo se fará efectivo “a partir do 1 de xullo”, pero que o Goberno central “irá transferindo previamente e de forma progresiva medios e recursos”. O traspaso implica que o Estado ceda a Galicia “36 postos de traballo, 11 vehículos e 1,2 millóns de euros” para avanzar na plena autoxestión do litoral. A isto haberá que sumar “documentación e expedientes desta área” que non se poderán cuantificar ata que se faga efectiva a posesión da competencia.

Neste sentido, cómpre subliñar tamén que a concesión dos títulos para a ocupación e uso do dominio público marítimo-terrestre (DPMT) é unha das funcións executivas que ten estatutariamente atribuídas Galicia pero, para poder exercelas de forma efectiva e directa, tiña que dispoñer dos medios persoais e materiais necesarios para asumir este tipo de funcións.

Por este motivo, a Xunta estivo anos reclamando estas transferencias ao Goberno central co obxectivo de completar o autogoberno sobre a súa franxa costeira, un argumento que se viu reforzando en abril do ano pasado tras recibir o aval do Tribunal Constitucional á lei do litoral galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Calendario de medidas

Partindo do enfoque da propia lei —que aborda a costa desde unha tripla perspectiva: ambiental, social e económica—, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático presentou un calendario de medidas concretas a impulsar e executar este ano, coa colaboración e apoio doutros departamentos da Xunta, así como os pasos para dar desde o punto de vista da organización administrativa e da participación que se quere garantir neste eido debido á súa transcendencia. “Galicia é a única comunidade cunha lei integral sobre este ámbito, un recoñecemento da marca Galicia Calidade que se estende tamén ao noso litoral”, indicou Vázquez.

En concreto e comezando por aquelas que xa están actualmente en marcha, cómpre destacar a aprobación do primeiro Catálogo do patrimonio cultural do litoral de Galicia, cuxos traballos técnicos están iniciados.

Tal e como explicou a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, como punto de partida tomouse un inventario realizado pola Xunta no ano 2019 e no cal se recollen 459 bens, elementos etnográficos e edificacións de carácter público e privado (muíños, antigas salazóns, conserveiras...) que serán agora analizados desde a perspectiva da Loxilga e logo de informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

O obxectivo é dignificar este patrimonio litoral, de enorme valor e distintivo de Galicia, e que no catálogo definitivo —que deberá aprobar o Consello— se identifiquen todos os bens seleccionados, con indicación da área do litoral en que se atopan, se xustifique a súa incorporación e se concreten os seus usos, tanto os orixinais como os que a futuro poidan ser compatibles coa súa localización. “Usos que non poñan en perigo os seus valores culturais”, precisou a conselleira.

Paralelamente, a Xunta seguirá avanzando no desenvolvemento dos órganos administrativos de organización e de coordinación previstos na propia norma así como nos distintos instrumentos de ordenación que permitirán abordar a toma de decisións.

Así, impulsará un pacto galego polo litoral, unha iniciativa estratéxica “para converter a costa galega nun exemplo de dinamismo económico sostible”, segundo explicou a conselleira. Con el farase un chamamento ás forzas políticas, ao sector produtivo, ao ámbito académico e á sociedade galega en xeral a sumarse a esta iniciativa transformadora e que situará a Galicia como referente europeo en gobernanza costeira desde unha perspectiva integral.

Tras pecharse o período de consulta pública das Directrices de ordenación do litoral (DOL) o 31 de marzo, na actualidade estase redactando o documento inicial co obxectivo de telo finalizado e sometelo a aprobación no último trimestre de 2025. Cando estean rematadas as DOL, como marco xeral de referencia para a redacción dos restantes instrumentos, abordaranse os plans de ordenación costeira e de ordenación mariña.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, este verán prevese aprobar tamén o decreto regulador do Foro do Litoral de Galicia (órgano colexiado de participación, asesoramento e consulta integrado por administracións públicas, universidades, organismos científicos, sectores produtivos e entidades ambientais) e nos vindeiros meses convocarase tamén a Comisión interdepartamental de coordinación do litoral, constituída o pasado mes de outubro coa misión de elaborar e aplicar os distintos instrumentos de ordenación da Loxilga.

Por último, no eido do desenvolvemento normativo o Goberno galego regulará un novo procedemento integrado e único para todas as autorizacións administrativas e os títulos habilitantes do litoral, ao tempo que modificará o decreto que regula as autorizacións na zona de servidume de protección co fin de adaptalo ao contido da norma.

Primeira comunidade en regular a costa en toda a súa extensión

Coa aprobación en xullo do ano 2023 da Loxilga, Galicia converteuse na primeira comunidade en regular por lei o litoral en toda a súa extensión, é dicir, incluíndo tanto a zona terrestre e intermareal como a área mariña ata as 12 millas náuticas. O obxectivo, en definitiva, é poder abordar a regulación da costa e dos usos que se desenvolven nela dunha forma integrada e por parte de quen mellor a coñece.

Neste sentido, Rueda lembrou que a comunidade galega ten a costa máis extensa de España: algo máis de 2.500 quilómetros, contando o perímetro costeiro pero tamén illas, illotes, marismas e areais. Unha realidade xeográfica que a diferencia doutras comunidades e explica por que o seu modelo produtivo e forma de vida estiveron historicamente ligados ao mar e, por tanto, requiren criterios e regulacións específicos.

A conselleira, pola súa banda, indicou tamén que esta lei permitirá levar a cabo a xestión de "1,6 millóns de hectáreas" marítimas e terrestres en "86 concellos" que concentran "ao 58% da poboación galega", é dicir, 1,5 millóns de persoas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A CIFRA DE HOMOLOGACIÓN DE TÍTULOS ESTRANXEIROS NON UNIVERSITARIOS EXPEDIDOS POLA XUNTA DE GALICIA DUPLÍCASE EN SÓ DOUS ANOS E ACADA XA ÁS 18.000

- A celeridade do sistema galego no ámbito das súas competencias contrasta cos atrancos nos títulos universitarios dependentes do Goberno central
- A meirande parte das peticións recibidas son para a homologación de bacharelato e o 75 % das solicitudes resólvense nun prazo de entre só tres e cinco meses
- Proceden de 113 países, o que dá conta da complexidade dos procedementos, con Venezuela en lugar moi destacado co 24,5 % do total, seguida de Colombia e Perú
- A axilidade do sistema galego facilita a inserción laboral ou a ampliación de estudos da poboación estranxeira que elixe Galicia para emprender unha nova vida

O número de homologacións de títulos estranxeiros non universitarios expedidos pola Xunta duplicouse en só dous anos, o que dá conta do atractivo da nosa Comunidade como lugar elixido para traballar e vivir por persoas chegadas do exterior no marco da Estratexia Galicia retorna. En concreto, a cifra de homologacións aumentou un 94 % ata acadar un total de 18.134 procedentes de 113 países diferentes entre 2022 e 2025.

Así se pon de manifesto nun informe da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional analizado hoxe no Consello da Xunta, e que evidencia a axilidade neste proceso de tramitación, un dos obxectivos establecidos no Programa de acollida ao alumnado estranxeiro e no Plan FPGal 360 de orientación profesional integral.

A Comunidade Autónoma ten competencias precisamente para homologar títulos de ensino non universitario, mentres que as competencias para o títulos universitarios recaen no Goberno central. Nese senso, os usuarios están atopando dificultades para a tramitación na Administración xeral do Estado, o que empeora as posibilidades de inserción laboral ou de ampliación de estudos das persoas que chegan a Galicia.

Un 94 % máis entre 2022 e 2024

No ámbito da Xunta, e malia o incremento significativo de peticións que se rexistran ano a ano, lógrase unha celeridade que permite resolver as solicitudes nun prazo de entre tres e cinco meses unha vez completado o expediente. Mentres que en 2022 se tramitaron 3.656 solicitudes, en 2023 aumentou ata 6.019 e volveu escalar a 7.089 en 2024. No primeiro trimestre de 2025 mantense o dinamismo coa presentación de 1.370.

Cómpre subliñar tamén que o 75 % do total de 18.134 peticións rexistradas se resolveron nun prazo de entre tres e cinco meses, o que avala a axilidade con que actúa a Administración autonómica neste eido para posibilitar que a poboación estranxeira que chega á nosa Comunidade poida emprender novos proxectos persoais e profesionais.

Tipo de estudos

Por tipo de estudos, a maior parte das homologacións son de estudos de bacharelato con 13.716 solicitudes (que representan o 75,6 %), seguido de educación secundaria obrigatoria (1.549), a combinación de ESO e bacharelato (1.298) e FP (827). Tamén se

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

recibiron solicitudes para ensinanzas artísticas e para ensinanzas deportivas. No caso de ESO e bacharelato, o tempo medio de resolución e de só tres meses, mentres que no caso de solicitudes vencelladas á formación profesional se sitúa entre catro e cinco meses.

Países de procedencia

No que atinxe á procedencia, Venezuela aglutina a meirande delas con 4.452 (o 24,5 % do total), seguido de Colombia (3.081), Perú (2.496), Arxentina (1.453), Cuba (1.181) e Brasil (1.019). No polo oposto atópanse países como Acerbaixán, Albania, Bosnia-Herzegovina, Etiopía, Grecia, Kuwait, Luxemburgo, Macedonia, Mali, Malta, Haití, Nova Zelandia, Qatar, República Centroafricana, República Checa, República do Congo, Moldavia, Mónaco, Namibia, Noruega, Suriname, Tailandia, Uganda, Ruanda, San Tomé e Príncipe, Sril Lanka, Vanuatu e Xordania, cunha solicitude cada un deles. A gran variedade de países tamén dá conta da complexidade dos procedementos para o persoal funcionario da Xunta de Galicia.

Por áreas de xestión

Por zonas, o 34 % das solicitudes foron xestionadas nos servizos administrativos da Coruña, seguidas do 21,4 % en Vigo, 13,5 % en Ourense, 12,4 % en Lugo, 8,4 % en Pontevedra e 5,3 % en Ferrol. Nos servizos centrais en Santiago resolvéronse o 5 % restante.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA O PROXECTO 'O MACHISMO É VIOLENCIA' PARA SENSIBILIZAR O ALUMNADO A TRAVÉS DE TESTEMUÑAS REAIS

- Está dirixido a mozas e mozos de 3º e 4º de secundaria e de bacharelato e actualmente xa están pechadas 25 intervencións en centros educativos de toda Galicia
- Proporcionaráselles aos centros unha guía didáctica para o profesorado, con materiais pedagóxicos para abordar o tema
- O alumnado asistirá na aula ao testemuño dunha muller que sufriu situacións de violencia e ás intervencións de persoas especializadas en igualdade de xénero e en novas masculinidades

O Consello da Xunta deu conta hoxe do inicio do proxecto *O machismo é violencia* que a Consellería de Política Social e Igualdade dirixe ao alumnado de 3º e 4º de secundaria e bacharelato, co obxectivo de sensibilizar e previr a violencia de xénero mediante a reflexión e a participación activa das mozas e mozos. Esta iniciativa súmase a outras actuacións que xa se veñen desenvolvendo en centros educativos sobre esta materia dentro do Plan Proxecta.

A principal novidade de *O machismo é violencia* é que contará con testemuñas reais de mulleres vítimas de violencia de xénero e que se complementará con persoal especializado para afondar na problemática das masculinidades tóxicas. Este proxecto desenvolverase en dúas fases. En primeiro lugar, proporcionaráselles aos centros educativos unha guía didáctica, que servirá como recurso preparatorio para que o profesorado poida abordar o tema de maneira autónoma na aula. A guía, deseñada cun enfoque pedagóxico e interactivo, inclúe actividades e contidos adaptados para facilitar a comprensión e implicación do alumnado.

Na segunda fase, levarase a cabo unha intervención presencial nos centros estruturada en tres accións. A primeira delas consistirá no testemuño dunha muller que superou situacións de violencia de xénero e que compartirá cos estudantes a súa experiencia persoal. A segunda acción será a intervención dunha educadora ou educador experta en igualdade de xénero, que guiará a sesión a través de dinámicas participativas e promoverá a interacción entre o alumnado e a vítima. E a terceira das accións será unha charla a cargo dun perfil especializado en masculinidades, que abordará as causas e consecuencias dos comportamentos machistas.

Espazo de diálogo

O proxecto busca crear unha sociedade máis igualitaria e libre de violencia de xénero a través da educación. Ao sensibilizar a mocidade sobre esta cuestións conséguense promover a empatía cara ás mulleres vítimas, fomentar a reflexión sobre a masculinidade tóxica, ofrecer ferramentas para identificar e actuar ante situacións de violencia, evitar a normalización de condutas machistas e crear espazos de diálogo para que o alumnado comprenda que a violencia de xénero vai máis alá da agresión física e inclúe actitudes e comportamentos que aínda están normalizados na sociedade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta destina 88.695 euros a este programa, que comezará este mesmo mes de abril e que se prolongará ata xuño. Actualmente, xa están pechadas 25 intervencións en centros educativos de toda Galicia.

Os centros educativos interesados en formar parte desta iniciativa deben inscribirse nesta [ligazón](#) en que se atopa un formulario básico para anotarse e poderán escoller a data que mellor se adapte ás necesidades do centro para realizar a actividade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA UNHA NOVA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA APOIAR O INICIO DA ACTIVIDADE DE ATA 21 EMPRESAS DE BASE TECNOLÓXICA CON POSTOS DE ALTA CUALIFICACIÓN

- O Consello analizou un informe sobre a orde de 2025 destes apoios dotados con medio millón de euros, que publicará mañá o DOG e que inclúen achegas para as contratacións indefinidas, o inicio da actividade, a conciliación e a función de xerencia
- Os apoios poderán ser de ata 24.000 € para a creación directa de emprego estable ou de ata 30.000 para o inicio e posta en marcha da actividade, tendo en conta que cando a IEBT sexa cooperativa ou sociedade laboral, a axuda subirá nun 25 %
- Na actualidade Galicia conta con 188 proxectos activos de base tecnolóxica e algunhas das empresas máis punteiras da comunidade relacionadas cos ámbitos da química e de solucións tecnolóxicas en distintos sectores naceron como un proxecto IEBT
- Esta medida súmase a outras do Goberno galego como o Programa Investigo, que desde a súa estrea en 2022 e ata 2024 beneficiou 213 empresas que posibilitaron 863 contratacións de persoas mozas e que está dotado este ano con 4,8 M€

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a convocatoria deste ano de axudas autonómicas para impulsar iniciativas de base tecnolóxica (IEBT) que sairá publicada mañá no *Diario Oficial de Galicia* e que estará dotada con medio millón de euros para atender os gastos destes emprendedores durante o primeiro ano de actividade. Con ese fin, estímase que desta iniciativa se poidan beneficiar ata 21 proxectos e as achegas poderán ser de ata 24.000 euros para a creación directa de emprego estable ou de ata 30.000 para o inicio e posta en marcha da actividade, tendo en conta que cando a IEBT sexa cooperativa ou sociedade laboral, a axuda incrementarase nun 25 %.

Este programa, con case 25 anos de traxectoria, busca impulsar o espírito emprendedor entre persoas investigadoras e tituladas universitarias e que os seus traballos dean lugar á creación de iniciativas empresariais que dinamicen o emprego científico e tecnolóxico. Isto contribúe a que a día de hoxe Galicia conte con 188 proxectos activos de base tecnolóxica. Ademais, desde o nacemento desta iniciativa pioneira no Estado, en 2001, o Goberno galego favoreceu a creación de máis de 2.200 postos de alta cualificación e de máis de 400 empresas consideradas IEBT, a razón dunha media de 17 firmas por ano. A maior parte dos proxectos desenvolvéronse no ámbito das actividades científicas e da información e comunicación.

De feito, algunhas das empresas máis punteiras da comunidade relacionadas cos ámbitos da química, coas solucións tecnolóxicas en gandaría e coa intelixencia artificial e tecnoloxías de vídeo e televisión naceron como un proxecto IEBT.

Detalles da convocatoria

A convocatoria conta con apoios económicos para facilitar o lanzamento das iniciativas en catro eidos: para a creación directa de emprego estable (achegas de ata 24.000

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

euros), inicio e posta en marcha da actividade (ata 30.000), conciliación da vida persoal, laboral e familiar (ata 3.000 euros) e apoio á función xerencial (ata 12.500 euros). Os requisitos necesarios para poder acceder a estas achegas, así como o prazo de solicitude poderán consultarse na orde que publicará mañá o DOG.

A axuda mínima de 6.000 euros por persoa desempregada incorporada para a creación de postos de traballo indefinidos durante o primeiro ano de funcionamento ampliarase ata os 8.000 nos casos en que o traballador sexa menor de 30 anos ou maior de 52, sexa muller ou se trate dun emigrante retornado ou estranxeiro. Ademais, seguiranse a incrementar as achegas cun 25 % extra acumulables se o centro de traballo se atopa nun concello rural, entre outros supostos.

Os gastos de posta en marcha da actividade inclúen os derivados dos servizos de notaría e rexistro, compra de materias primas, arrendamento do local ou equipamentos, seguro, publicidade e páxinas web. En canto aos apoios á conciliación, permitirán sufragar ata o 75 % dos custos dos servizos de coidado de menores, maiores ou dependentes que contraten os impulsores das iniciativas, e os apoios económicos á función xerencial inclúen achegas para a formación do empresario e/ou para a realización externa de análises, estudos ou informes.

Programa Investigo

Outra liña de apoio á investigación vinculada ao emprego e impulsada pola Xunta é o Programa Investigo, que apoia a contratación de menores de 30 anos no eido da investigación, a tecnoloxía e a innovación. Grazas a ela, entre os anos 2022 –cando se estreou– e 2024, a Xunta destinou máis de 27 M€ a este plan, con 213 empresas beneficiarias que posibilitaron 863 contratacións de persoas mozas. Ademais, máis do 50 % das persoas beneficiarias destas convocatorias continúan a traballar nas empresas que confiaron neles no marco de Investigo. En relación coa convocatoria deste ano, pechou recentemente o prazo de solicitudes e a Xunta destinou a ela 4,8 M€, dos cales, como novidade, se reserva 1 M€ para as entidades privadas sen ánimo de lucro e personalidade xurídica propia que teñan como actividade principal a I+D+i.